



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 28 de marzo de 2025



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 28 DE MARZO DE 2025.

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 2/2025, do 28 de febreiro de 2025.
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 16 de febreiro de 2025 ata o 21 de marzo de 2025.

Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís

3. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao concello de Santiago para cofinanciar o sostemento o Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2024.
4. Aprobación da modificación das cláusulas VII e XIII relativas aos prazos de execución, xustificación e vixencia do Convenio subscrito coa Universidade da Coruña para financiar os proxectos: Programa "Arrol-arte" coidados e autocoidados feministas, Programa de liderado con perspectiva feminista, Puntos violeta e outros
5. Aprobación da modificación das cláusulas VII e XIII relativas aos prazos de execución, xustificación e vixencia do Convenio subscrito coa Universidade da Coruña para financiar o proxecto "Unidade de atención á diversidade"
6. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao concello de Santiago para cofinanciar o sostemento dos centros Socioculturais do ámbito rural durante o ano 2024.

Comisión de Política Social, Educación e Mocidade

7. Aprobación da modificación do prazo de vixencia do convenio de subvención nominativa á Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegal Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental para cofinanciar o Anexo 1 ao Proxecto básico e de execución dun edificio para unidade residencial para persoas con enfermidade mental: Oficina de atención ao público.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos

8. Aprobación do texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Melide polo que se instrumente unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de mellora da pavimentación e seguridade vial na rúa Alfredo Álvarez González e outros, Melide, cunha achega provincial de 239.999,96 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/1532/76201 o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00 % respecto dun orzamento de 299.999,96 euros.
9. Aprobación da segunda prórroga da fase 2 do contrato de modernización da infraestrutura do centro de proceso de datos (CPD) da Deputación Provincial da Coruña e creación do centro de respaldo. Código expediente: PCO.001.2018.00425, consistente nos servizos de soporte e mantemento proactivo e de soporte a operación, que será realizada polo adxudicatario do contrato principal INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U.



Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital

10. Dación de conta do Informe Anual de Auditoría do Rexistro contable de facturas da Deputación Provincial da Coruña exercicio 2024.

11. Dación de conta da remisión da relación de convenios do ano 2024 e determinados expedientes de convenios á Plataforma de Rendición de Contas.

12. Dación de conta da remisión da relación de contratos do ano 2024 e determinados expedientes de contratación á Plataforma de Rendición de Contas.

13. Dación de conta da remisión das asignacións pagadas aos grupos políticos provinciais no ano 2023 e 2024 á Plataforma de Rendición de Contas.

14. Dación de conta do informe-resumo emitido polo órgano interventor ao abeiro do disposto no artigo 37 do Regulamento do réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local.

15. Dación de conta do Informe Anual de Auditoría do Rexistro contable de facturas do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2024.

16. Aprobación inicial da valoración de postos de traballo e sobre a relación de postos de traballo, o cadro de persoal, o organigrama e a modificación do anexo de persoal do orzamento inicial do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña.

17. Aprobación do I Convenio Colectivo para o persoal laboral operativo dos Parques de bombeiros dependentes do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña.

18. Dación de conta da liquidación definitiva do exercicio de 2024 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

19. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Dumbría sobre a inspección do Imposto sobre construcións, instalacións e obras e da taxa pola expedición de licencias urbanísticas.

20. Aprobación da formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Padrón na inspección do Imposto sobre actividades económicas e nos procedementos sancionadores que deriven destas actuacións.

21. Dación de conta da Memoria de Recadación e Xestión Tributaria da Deputación da Coruña do 2024 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

22. Aprobación inicial do Regulamento de Distincións e Honras da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña.

23. Dación de conta da liquidación do orzamento do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2024.

Comisión de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria

24. Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Betanzos polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da "Feira franca medieval de Betanzos"



Comisión de Industria, Empleo, Política Demográfica e Medio Ambiente

25. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración co CONCELLO DE VALDOVIÑO para levar a cabo o proxecto "SENDA CICLABLE ENTRE VALDOVIÑO E TARAZA", financiado polo Programa DUS 5000, no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU.

26. Aprobación da prórroga do prazo de execución do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Coruñesa de Transportes Discrecionales y Especiales (ACOTRADES) para cofinanciar o proxecto "Formación específica para novos condutores profesionais no sector do transporte por carretera na provincia da Coruña".

Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais

27. Aprobación do proxecto da obra "Reforzo de firme na DP 3203 Burricios a Pena de Martín punto quilométrico 0+000 ao 8+370 (OZA-CESURAS)", incluída no Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2025.

28. Aprobación do proxecto "Reformado DP 4701 de Castro á estrada N-634 ensanche e mellora da seguridade viaria punto quilométrico 0+923 ao 5+478 (MESIA).

29. Aprobación técnica do proxecto da obra Mellora da Seguridade Viaria na estrada DP-0503, Bordeiras ao porto de Suevos, punto quilométrico 1+000 ao 2+100 (ARTEIXO).

ACTUACIÓN DE CONTROL: MOCIÓNS

Proposta da Presidencia ao Pleno do 28 de marzo de 2025 sobre cambio de data da sesión ordinaria do cuarto mes do ano 2025.

Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE relativa á condonación da débeda das comunidades autónomas co Goberno do Estado.

ROGOS E PREGUNTAS



Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 28 de marzo de 2025.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 28 de marzo de 2025, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside en ausencia do titular: don Xosé Regueira Varela, presidente en funcións da Corporación Provincial.

Deputados/as

Asistentes:

Don José Ramón Amado de la Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad de Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don José Manuel López Varela	PP
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Don Carlos Martínez Carrillo	PP
Dona María del Mar Méndez Vilela	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Dona María Jesús Novo Gómez	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Fernando Pérez Fernández	PP
Dona Diana Piñeiro Fernández	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don Roberto Rey Martínez	PP
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Dona Avia Veira González	BNG

Excusada:

Dona María Soledad Agra Tuñas	BNG
-------------------------------	-----

Actúa como secretario: don Miguel Iglesias Martínez, secretario accidental da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:06 horas, tratáronse os seguintes asuntos:



1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 2/2025, do 28 de febreiro de 2025.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión anterior, número 2/2025, de 28 de febreiro de 2025.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 16 de febreiro de 2025 ata o 21 de marzo de 2025.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia desde o 16 de febreiro de 2025 ata o 21 de marzo de 2025.

3.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao concello de Santiago para cofinanciar o sostemento o Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2024

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa, por importe de **140.042,13 €, ao Concello de Santiago de Compostela para cofinanciar o *sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2024*, cun orzamento subvencionado de 247.767,04 €, de acordo co texto do convenio que se achega.**

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Deputada de Cultura, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 12 de marzo de 2025.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.



“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o sostemento o do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2024

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Concello de Santiago de Compostela.

EXPOÑEN

1.- Mediante acordo adoptado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2002, aprobouse a subscrición dun convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e Caixa Galicia, polo que Caixa Galicia cedía á Deputación da Coruña o uso a título gratuito de 1.268,50 m² na pranta baixa do local sito na Rúa Frei Rosendo Salvado nº 14-16 en Santiago, destinado a Centro Xuvenil.

A dita “obra benéfico-social en colaboración” foi aprobada por acordos da Asamblea Xeral da Caixa de Aforros de Galicia, de datas 16 de xuño de 2001 e 22 de xuño de 2002.

O acordo entre as dúas entidades foi subscrito o 30 de xullo de 2002 e formalizouse en documento administrativo nº 64/2002.

2.- Con data 19 de abril de 2005 o Alcalde de Santiago de Compostela dirixíase a esta Deputación solicitando a integración do Centro Xuvenil na Rede Municipal de Centros Socioculturais para, deste xeito, poder atender as necesidades dos veciños, á vez que facer posible unha mellor coordinación de cara a unha xestión integral e non discriminatoria que propicie a mellor utilización dos recursos.

3.- Atendendo á citada petición, o Pleno da Deputación, en sesión extraordinaria celebrada o 23 de febreiro de 2006, aprobou definitivamente o expediente de cesión do uso do local sito na rúa de Frei Rosendo Salvado nº 14-16 en Santiago, destinado a Centro Sociocultural e Xuvenil, para a súa xestión polo Concello de Santiago de Compostela.

4.- O convenio de cesión de uso formalizouse o día 31 de maio de 2006 en documento administrativo nº 37/2006 e, entre as condicións da cesión, establecíase unha achega da Deputación para a posta en funcionamento e mantemento do Centro durante catro anos.

Con posterioridade, esta Deputación mantivo o financiamento das actividades desenvolvidas neste Centro.

5.- No Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche véñense realizando, ao longo destes anos, unha ampla oferta de actividades programadas e temporalizadas en torno a animación sociocultural e o tempo de lecer, que permiten unha participación activa da cidadanía do Ensanche compostelán nas mesmas. Estas actividades están dirixidas a veciñanza tanto infantil como de adultos, con especial fincapé no público xuvenil que vive ou se relacionan no entorno mencionado



6.- Tendo en conta o anterior e coa finalidade de establecer as condicións de colaboración, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Santiago de Compostela**, co NIF: P1507900G, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos polo Concello de Santiago de Compostela beneficiaria para o financiamento parcial do **sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2024**.

O Centro presta os seguintes servizos: punto de recepción e información, aula de novas tecnoloxías, espazo de lectura e encontro, zona wifi, rexistro auxiliar, Unidade básica de Servizos Sociais, Departamento de Xuventude, Unidade Técnica da Rede de Centros Socioculturais, Biblioteca infantil e xuvenil A Fundación e zona expositiva.

No Centro desenvólvense as seguintes actividades:

- 1.- Actividades formativas anuais dirixidas á infancia e persoas adultas: club de lectura, club de xadrez, club de teatro, espazo lila, reforzo dixital, adultos/sénior, cursos monográficos de informática.
- 2.- Actividades complementarias realizadas por asociacións.
- 3.- Actividades sociais: obradoiros de Nadal, de Entroido, conmemoracións e semanas temáticas.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Concello de Santiago de Compostela.

O Concello de Santiago de Compostela, á marxe das empresas concesionarias de servizos, asociación ou colectivos que desenvolven as actividades, no Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche, conta co seguinte persoal: 2 animadores/as socioculturais, 1 auxiliar administrativo e 3 uxieres, financiados parcialmente a través deste convenio, cos seguintes custos:

Soldos e salarios	188.574,28 €
Seguridade social a cargo da entidade	59.192,76 €
Total gastos	247.767,04 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

- 1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **140.042,13 €**, o que representa unha porcentaxe do **56,52169 %**.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.



No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 56,52169 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministración necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Concello de Santiago de Compostela.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Santiago de Compostela, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, o Concello de Santiago de Compostela deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Santiago de Compostela.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada ao Concello de Santiago de Compostela unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:



* **Memoria de actuación**, suscrita polo representante legal do Concello de Santiago de Compostela, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **30 de maio de 2025**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Santiago de Compostela.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Concello de Santiago de Compostela deberá acreditar, con carácter previo á



sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Santiago de Compostela deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo



dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de xullo de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2024.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de **2025**, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Santiago de Compostela, realizada polo menos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei



38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicárase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

4.- Aprobación da modificación das cláusulas VII e XIII relativas aos prazos de execución, xustificación e vixencia do Convenio subscrito coa Universidade da Coruña para financiar os proxectos: Programa "Arrol-arte" coidados e autocoidados feministas, Programa de liderado con perspectiva feminista, Puntos violeta e outros.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar a modificación das cláusulas VII e XIII relativas aos prazos de execución, xustificación e vixencia do Convenio subscrito coa Universidade da Coruña para o financiar os proxectos: Programa “Arrol-arte” coidados e autocoidados feministas, Programa de liderado con perspectiva feminista, Puntos violeta e outros condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

As cláusulas VII e XIII quedarían redactadas do seguinte modo:

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro do 2024 e o 31 de decembro de 2025**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Universidade da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2026**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións



(Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidade da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidade da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidade da Coruña.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2026** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2024**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2026 autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude da Universidade da Coruña, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.”

5.- Aprobación da modificación das cláusulas VII e XIII relativas aos prazos de execución, xustificación e vixencia do Convenio subscrito coa Universidade da Coruña para financiar o proxecto "Unidade de atención á diversidade".

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar a modificación das cláusulas VII e XIII relativas aos prazos de execución, xustificación e vixencia do Convenio subscrito coa Universidade da Coruña para o financiar o proxecto “Unidade de atención á diversidade”, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

As cláusulas VII e XIII quedarían redactadas do seguinte modo:



VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro do 2024 e o 31 de decembro de 2025**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Universidade da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2026**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidade da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidade da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidade da Coruña.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2026** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2024**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2026 autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude da Universidade da Coruña, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.”

6.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao concello de Santiago para cofinanciar o sostemento dos centros Socioculturais do ámbito rural durante o ano 2024

VOTACIÓN

Votan a favor: 28 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE e 5 do BNG).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)



ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE e BNG, e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

“1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa, por importe de **75.000 €**, ao Concello de Santiago de Compostela para cofinanciar o *sostemento dos centros socioculturais do ámbito rural durante o ano 2024*, cun orzamento subvencionado de 125.000,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada ao expediente e a proposta da Deputada de Cultura, levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 12 de marzo de 2025.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2025, autorice o correspondente Orzamento.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o *sostemento dos centros Socioculturais do ámbito rural durante o ano 2024*.

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Concello de Santiago de Compostela.

EXPOÑEN

1.- Que no ano 2000 a Deputación iniciou o Plan de Apoio Veciñal, no que se incluía o “Programa de construción ou adquisición de equipamento de locais para asociacións de veciños de concellos de máis de 50.000 habitantes”.

Neste Programa incluíronse os locais das seguintes asociacións de veciños do concello de Santiago: AVV “Nosa Señora de Belén”, de Santa Cristina de Fecha, AVV “A Unión de Santa María de Vilvestro”, AVV de A Rocha “Serafín Zas” e AVV “Ruta Xacobeas”.

2.- Que con data do 5 de agosto de 2004, mediante Decreto da Alcaldía, o Concello de Santiago de Compostela solicitou á Deputación a cesión dos locais sinalados coa finalidade de integralos na rede de centros socioculturais do Concello para, deste xeito, poder atender as necesidades dos veciños das devanditas zonas, á vez que facer posible unha mellor coordinación de cara a unha xestión integral e non discriminatoria que propicie a mellor utilización dos recursos.



3.- Que atendendo á citada petición, o Pleno da Deputación, en sesión extraordinaria celebrada o 25 de novembro de 2004, aprobou definitivamente o expediente de cesión do uso de locais ao Concello de Santiago de Compostela coa finalidade de os incorporar á Rede Municipal de Centros e Locais Socioculturais, que foi asinada o 29 de decembro de 2004 e, entre as condicións da cesión, establecíase unha achega da Deputación para a posta en funcionamento e mantemento dos centros durante catro anos. Con posterioridade, esta Deputación mantivo o financiamento das actividades desenvolvidas nestes centros.

4.- Que co obxectivo de dinamizar estes centros e locais socioculturais do rural, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve un programa de accións para promover a creación de afeccións lúdicas e formativas en coñecementos e destrezas básicas de distintas disciplinas, que fomenten a interrelación social, a participación cidadá e o encontro interxeracional ao longo de todo o ano.

5.- Tendo en conta o anterior e coa finalidade de establecer as condicións de colaboración, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Santiago de Compostela**, co NIF: P1507900G, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos polo Concello de Santiago de Compostela beneficiaria para o financiamento parcial do **sostemento dos centros Socioculturais do ámbito rural durante o ano 2024**.

As actividades obxecto da subvención están incluídas na programación 2024 dos centros de ámbito rural relativas a programas de animación sociocultural, dinamización e alfabetización dixital, actividades e talleres de saúde activa e ocio compartido dirixidos fundamentalmente á terceira idade, monográficos e obradoiros sobre temas diversos e programas estacionais como Vive o Verán, Vive o nadal, Vive o Entroido, conmemoracións e semanas temáticas.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Concello de Santiago de Compostela.

De acordo cos contratos subscritos polo Concello de Santiago de Compostela, para o servizo de animación sociocultural e do servizo de novas tecnoloxías na rede de centros socioculturais, o orzamento de gastos correspondentes ao persoal son os seguintes:

Servizo de animación sociocultural	125.000,00
Total gastos	125.000,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuírá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **75.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **60,00%**.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está



financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 60,00% da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministración necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Concello de Santiago de Compostela.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Santiago de Compostela, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, o Concello de Santiago de Compostela deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Santiago de Compostela.



VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada ao Concello de Santiago de Compostela unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal do Concello de Santiago de Compostela, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2024.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **30 de maio de 2025**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.



4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Santiago de Compostela.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Concello de Santiago de Compostela deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Santiago de Compostela deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O



procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de xullo de 2025** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2024.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de **2025**, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Santiago de Compostela, realizada polo menos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio



poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.- Aprobación da modificación do prazo de vixencia do convenio de subvención nominativa á Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegal Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental para cofinanciar o Anexo 1 ao Proxecto básico e de execución dun edificio para unidade residencial para persoas con enfermidade mental: Oficina de atención ao público.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar a modificación da cláusula XIII do convenio relativa ao prazo de vixencia do Convenio subscrito coa Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegal Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental para cofinanciar o Anexo 1 ao proxecto básico e de execución dun edificio para unidade residencial para persoas con enfermidade mental: Oficina de atención ao público, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

A cláusula XIII quedaría redactada do seguinte modo:

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de



imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro de 2024, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data, e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2025.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2025 autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude da Asociación Saúde Mental Ferrol Eume e Ortegal Asociación de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.”

8.- Aprobación do texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Melide polo que se instrumente unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de mellora da pavimentación e seguridade vial na rúa Alfredo Álvarez González e outros, Melide, cunha achega provincial de 239.999,96 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/1532/76201 o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00 % respecto dun orzamento de 299.999,96 euros.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de colaboración entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e do **Concello de Melide** polo lo que se instrumenta unha **subvención nominativa** para cofinanciar as obras de **mellora da pavimentación e seguridade vial na rúa Alfredo Álvarez González e outros, Melide**, e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Melide polo que se instrumente unha subvención nominativa** para cofinanciar as obras de **mellora da pavimentación e seguridade vial na rúa Alfredo Álvarez González e outros, Melide**, cunha achega provincial de **239.999,96 euros** con cargo a la **aplicación orzamentaria**



0112/1532/76201 o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00 %** respecto dun orzamento de **299.999,96 euros**.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MELIDE POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DA PAVIMENTACIÓN E SEGURIDADE VIAL NA RÚA ALFREDO ÁLVAREZ GONZÁLEZ E OUTROS, MELIDE.

Na Coruña, a ___ de _____ de 2025

Ante min, _____, Secretaría Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria/o actuante

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____ o/a representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte D. _____ o/a representante do Concello de **Melide**.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Melide** considera de primeira necesidade as obras de



mellora da pavimentación e seguridade vial na rúa Alfredo Álvarez González e outros, Melide,

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

“...1.- Estas vías urbanas e camiños municipais presentan numerosas deficiencias no estado do firme. Son vías de titularidade municipal onde o rego asfáltico atópase moi deteriorado e moi mal estado, presentando fochancas e roturas do firme. Algunhas partes destas pistas atópanse en grava ou terra, véndose afectadas polas chuvias do inverno, necesitan ser reparadas de xeito urxente, antes de que se agraven os problemas que están a provocar.

2.-Estas obras enténdesen como urxentes para manter a seguridade da vía, tanto de vehículos como de peóns e que se entende que se trata dun investimento financeiramente sostible de acordo co recollido na Disposición Transitoria Décimo Sexta do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

*...
4.-Existen razóns de interese público de carácter social e económico polas que a Deputación Provincial da Coruña, no fomento dos intereses peculiares da provincia, debe contribuír economicamente no desenvolvemento do proxecto da obra de mellora da pavimentación e seguridade vial na Rúa Alfredo Álvarez González e outros (Melide-A Coruña), razóns estas que impiden ou dificultan acollerse a algún dos programas de subvencións de concorrencia competitiva ou plan da Deputación Provincial, debendo prevalecer o interese público provincial da solicitude da devandita subvención ao ente provincial para facer fronte ao gasto derivado da obra proxectada polo Concello de Melide....”*

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Melide** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Melide con CIF P1504700D, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das obras de mellora da pavimentación e seguridade vial na rúa Alfredo Álvarez González e outros, Melide, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro agrónomo, Jesús Expido Cárdenas, Colexiado número 623, asinado o 29 de novembro de 2024.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.



3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	208.347,77 euros
Gastos xerais 13,00%+ Beneficio Industrial 6,00 %	39.586,08 euros
_____ euros	
IVE (21%)	52.066,11 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	299.999,96 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **239.999,96 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,00 %**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o **80,00 %** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1532/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito. Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.



5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA MODIFICACIÓN do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. **Ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren



polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII**.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade



beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3.A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.



XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos retroactivos dende a data de sinatura do convenio e conservará a súa **VIXENCIA** ata o **31 de outubro de 2026**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes **dun**



mes da finalización do convenio, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2027**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio creárase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

9.- Aprobación da segunda prórroga da fase 2 do contrato de modernización da infraestrutura do centro de proceso de datos (CPD) da Deputación Provincial da Coruña e creación do centro de respaldo. Código expediente: PCO.001.2018.00425, consistente nos servizos de soporte e mantemento proactivo e de soporte a operación, que será realizada polo adxudicatario do contrato principal INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U.



VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar a segunda prórroga da fase 2 do contrato de modernización da infraestrutura do centro de proceso de datos (CPD) da Deputación Provincial da Coruña e creación do centro de respaldo. Código expediente: PCO.001.2018.00425, consistente nos servizos de soporte e mantemento proactivo e de soporte a operación, que será realizada polo adxudicatario do contrato principal INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U., con NIF B62758602 e domicilio na Avda. Barcelona, 115; San Joan Despí, 08970 Barcelona, nas seguintes condicións:

- 1.1. Prazo: Do 1 de maio de 2025 ao 30 de abril de 2026
- 1.2. Orzamento anual: 17.895,90 € IVE incluído
- 1.3. O orzamento da parte variable é máximo e non supón un compromiso para a Deputación que poderá utilizalo ou non, en función das súas necesidades.
- 1.4. Condicións: Segundo os pregos aprobados mediante Resolución de Presidencia número 7060 con data do 21/02/2020 e a oferta presentada pola empresa.
- 1.5. Financiamento: financiamento da prórroga do contrato pode realizarse con cargo á aplicación orzamentaria 0740/49121/22799, número de operación RC 220250008317

O financiamento da prórroga queda sometido á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas no exercicio correspondente (2026). Así mesmo, queda condicionada ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento.

O presente contrato foi financiado con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Financiado pola Unión EuropeaNextGenerationEU (Boletín Oficial do Estado do 1 de setembro de 2022) e atópase encadrado na LIÑA ESTRATÉXICA 4. INFRAESTRUTURAS DIXITAIS, das subvencións para a transformación dixital e modernización das entidades locais (C11.I3).”

10.- Dación de conta do Informe Anual de Auditoría do Rexistro contable de facturas da Deputación Provincial da Coruña exercicio 2024.

Dáse conta do Informe Anual de Auditoría do Rexistro contable de facturas da Deputación Provincial da Coruña exercicio 2024, en cumprimento do artigo 12.3 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

11.- Dación de conta da remisión da relación de convenios do ano 2024 e determinados expedientes de convenios á Plataforma de Rendición de Contas.

Dáse conta da información remitida polo órgano interventor ao Tribunal de Cuentas e ao Consello de Contas de Galicia respecto dos convenios de cooperación e colaboración formalizados no exercicio 2024.



12.- Dación de conta da remisión da relación de contratos do ano 2024 e determinados expedientes de contratación á Plataforma de Rendición de Contas.

Dáse conta da información remitida polo órgano interventor ao Tribunal de Cuentas e ao Consello de Contas de Galicia respecto dos contratos formalizados no exercicio 2024 e os adxudicados como contrato menor.

13.- Dación de conta da remisión das asignacións pagadas aos grupos políticos provinciais no ano 2023 e 2024 á Plataforma de Rendición de Contas.

Dáse conta da remisión das asignacións pagadas aos grupos políticos provinciais no ano 2023 e 2024 á Plataforma de Rendición de Contas.

14.- Dación de conta do informe-resumo emitido polo órgano interventor ao abeiro do disposto no artigo 37 do Regulamento do réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local.

Dáse conta do informe-resumo emitido polo órgano interventor o día 14 de marzo de 2025, ao abeiro do disposto no artigo 37 do Regulamento do réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local (Real decreto 424/2017, de 28 de abril), respecto da actividade de control interno realizada no exercicio económico do 2024.

15.- Dación de conta do Informe Anual de Auditoría do Rexistro contable de facturas do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2024.

Dáse conta do Informe Anual de Auditoría do Rexistro contable de facturas do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2024, en cumprimento do artigo 12.3 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

16.- Aprobación inicial da valoración de postos de traballo e sobre a relación de postos de traballo, o cadro de persoal, o organigrama e a modificación do anexo de persoal do orzamento inicial do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Primeiro.- Considerar que se cumpriron todas as condicións de negociación preceptivas e os trámites legais de obrigado cumprimento.

Segundo.- Estimar que procede que o Pleno do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña adopte o acordo de aprobación da valoración de postos de traballo, da relación de postos de traballo, do cadro de persoal, do organigrama e da



modificación do anexo de persoal do orzamento inicial do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña.

Terceiro.- Corresponde ao Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, a través dos seus órganos competentes, cumprir os trámites, publicacións e comunicacións previstos na normativa de xeral aplicación.”

17.- Aprobación do I Convenio Colectivo para o persoal laboral operativo dos Parques de bombeiros dependentes do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Primeiro.- Considerar que se cumpriron todas as condicións de negociación preceptivas e os trámites legais de obrigado cumprimento.

Segundo.- Estimar que procede que o Pleno do Consorcio Provincial Contra Incendios y Salvamento de A Coruña adopte o acordo de aprobación do I CONVENIO COLECTIVO PARA O PERSOAL LABORAL OPERATIVO DOS PARQUES DE BOMBEIROS DEPENDENTES DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA.

Terceiro.- Corresponde ao Consorcio Provincial Contra Incendios y Salvamento de A Coruña, a través dos seus órganos competentes, cumprir os trámites, publicacións e comunicacións previstos na normativa de xeral aplicación.”

18.- Dación de conta da liquidación definitiva do exercicio de 2024 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta da liquidación definitiva do exercicio de 2024 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

19.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Dumbría sobre a inspección do Imposto sobre construcións, instalacións e obras e da taxa pola expedición de licencias urbanísticas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos vinte e nove membros presentes, que representan a maioría absoluta da Corporación, acorda:

“1. Aceptar a delegación das competencias acordada polo Concello de Dumbría en relación coa seguinte materia:

Inspección do Imposto sobre construcións, instalacións e obras e da Taxa por licenza de obras ou urbanística e pola realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fose substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa, e a recadación voluntaria e executiva das liquidacións derivadas das actuacións inspectoras.

2. A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia, e o seu exercicio levarase a cabo nos termos establecidos nas Bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas ao efecto por esta Deputación Provincial.”

20.- Aprobación da formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Padrón na inspección do Imposto sobre actividades económicas e nos procedementos sancionadores que deriven destas actuacións.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Aprobar a formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Padrón na inspección do Imposto sobre actividades económicas (IAE) e nos procedementos sancionadores que deriven estas actuacións.

2º.- Publicar o convenio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para a súa entrada en vigor, logo da súa formalización.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PADRÓN NA INSPECCIÓN DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE) E NOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES QUE DERIVEN DESTAS ACTUACIÓNES.

Na Coruña, a de.....de 2025

INTERVEÑEN

Dunha parte D. José Ramón Riobóo Castro Deputado de Facenda, Recursos Humanos e



Avance Dixital, en virtude das resolucións da Presidencia num. 2023/29343 e num. 2023/33818, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área, e doutra parte, D. Anxo Rei Arca, Alcalde- presidente do Concello de Padrón

MANIFESTAN

O Concello de Padrón solicitou á Deputación Provincial da Coruña a formalización dun convenio de colaboración na inspección do imposto sobre actividades económicas.

A Deputación, en sesión plenaria celebrada oacordou a aprobación do convenio. O concello, en sesión plenaria, do, acordou a aprobación do convenio.

Que están lexitimamente facultados para actuar en nome das Corporacións ás que representan e habilitados ambos os dous representantes corporativos para convir as condicións xerais que afectan ao presente acordo, proceden a formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes

ESTIPULACIÓNS

No marco de colaboración mutua que debe presidir as relacións entre as administracións públicas e conforme ao establecido no artigo 3.1 k) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e particularmente en materia tributaria, no artigo 5.5 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, no que se indica que poderán establecerse fórmulas de colaboración para a aplicación dos tributos entre as entidades locais, os representantes de ambas as dúas partes consideran que sería beneficioso para o cumprimento dos seus respectivos fins o establecemento dun sistema de colaboración mutua na inspección do imposto sobre actividades económicas.

Asemade, este principio de colaboración está tamén contemplado na normativa local, no artigo 8 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no que se indica que as administracións tributarias do Estado, das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais colaborarán en todas as ordes de xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos locais, así como nos artigos 10, 55 e 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

O Pleno do Concello de Padrón en sesión do trinta de agosto de dous mil un adoptou, entre outros, o acordo de delegar na Deputación Provincial da Coruña, o exercicio de competencias tributarias nos termos e condicións recollidos nas bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, aprobadas pola Corporación provincial en sesión plenaria do vinte e nove de xuño de dous mil un, respecto da seguinte materia: xestión e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre actividades económicas ou do imposto municipal que o complementa ou substitúa no futuro, así como a facultade para, de acordo co establecido no artigo 92 da Lei reguladora das facendas locais, solicitar da administración tributaria do Estado a delegación das funcións de xestión censual e inspección, e establecer coa devandita administración as oportunas fórmulas de colaboración na materia de inspección en relación con este mesmo imposto. Esta delegación de competencias na Deputación provincial está vixente.

Sendo xuridicamente procedente o establecemento do citado sistema de colaboración mutua na inspección do imposto sobre actividades económicas, ambas as dúas partes acordan celebrar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira: OBXECTO DO CONVENIO.

É obxecto do presente convenio reforzar a colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Padrón na inspección do imposto sobre actividades económicas (IAE) e nos procedementos sancionadores que deriven destas actuacións.



Esta colaboración desenvolverase dentro do marco normativo establecido nas Bases para a prestación dos servizos tributarios, segundo o texto actualmente vixente (BOP núm. 172, de 06/09/2024) e a Ordenanza fiscal número 5, reguladora da taxa pola prestación dos servizos tributarios aprobadas pola Deputación da Coruña.

Segunda: PROCEDEMENTO.

Mantense vixente nos seus propios termos o contido da delegación que na materia de inspección do IAE acordou o Pleno do Concello de Padrón en sesión do trinta de agosto de dous mil un, toda vez que non variaron os motivos e circunstancias que deron lugar á devandita delegación, isto é, a falta de dotación de medios materiais e persoais.

A delegación de competencias supón que a Deputación asume a totalidade de funcións e atribucións necesarias para levar a cabo o exercicio das competencias de inspección, neste caso, do IAE.

Por iso, correspóndelle á Unidade de Inspección Tributaria da Deputación provincial a instrución e resolución dos expedientes de inspección e sancionadores do IAE.

Terceira: EXTENSIÓN DA COLABORACIÓN.

A Deputación da Coruña elaborará e aprobará o plan de inspección, con especificación dos criterios tidos en conta.

Unha vez aprobado o plan de inspección, porase en coñecemento do Concello de Padrón.

Correspóndelle á Deputación Provincial da Coruña, a través da súa Unidade de Inspección Tributaria, a dirección das actuacións realizadas nos expedientes de inspección e sancionadores do IAE do Concello de Padrón, o seu impulso, comprobación, e sinatura dende a fase de instrución ata a conclusión, por medio dos seus funcionarios actuarios.

O Concello de Padrón colaborará coa Deputación da Coruña, directamente e/ou a través dos apoios externos contratados polo Concello, realizando as seguintes actuacións en relación con expedientes tramitados no ámbito deste convenio:

- a) Directamente, o Concello de Padrón, colaborará co traballo dun funcionario do cadro de persoal, enxeñeiro/a municipal, e, no seu caso, cun técnico de inspección tributaria, para a realización de visitas de inspección e a emisión de informes de tipo técnico nas actuacións que así o requiran nos expedientes tramitados no ámbito deste convenio e sempre dentro do ámbito das súas competencias.
- b) Para todas as tarefas de colaboración e apoio administrativo que non requiran a intervención de funcionario público, o Concello poderá recadar os apoios externos que lle solicite a Deputación provincial a través de empresas colaboradoras ou outras fórmulas que considere. O resto, isto é, as que necesariamente deban ser desempeñadas por funcionario público, serán por conta da Unidade de Inspección Tributaria da Deputación provincial.

Este apoio externo poderá ser substituído pola colaboración que realice un funcionario municipal capacitado, técnico de Inspección Tributaria, segundo consta na relación de postos de traballo vixente.

Así mesmo, o Concello de Padrón poderá contratar asesoramento e colaboración externa para a realización “in situ” de todas as fases dos procedementos de comprobación e/ou inspección fiscal e sancionadores, sendo esixible nestes casos a presenza de funcionario público municipal ou provincial.

Este apoio municipal, que colaborará en todo momento coa Unidade de Inspección tributaria da Deputación provincial e sempre baixo a súa dirección, poderá, entre outras funcións:

- Propoñer á Deputación as actuacións que se han realizar para que esta, se o considera conveniente, as inclúa no plan de inspección e inicie o procedemento de inspección. Na proposta detallarase os criterios tidos en conta.



- Atender, recoller a documentación e informar aos obrigados tributarios sobre as normas de aplicación do procedemento de inspección e sobre o alcance das obrigas e dereitos que delas se deriven.
- Propoñer á Deputación a documentación específica, tendo en conta a actividade que se ha desenvolver, que se debe incluír nos requirimentos que se vaian realizar.
- Controlar os requirimentos non atendidos ou atendidos de forma incompleta ou incorrecta. Informará á Deputación para que, no seu caso, esta desenvolva as actuacións que se estimen oportunas.
- Propoñer á Deputación a nova documentación que se ha requirir, tendo en conta a documentación xa achegada.
- Realizar as actuacións de comprobación e investigación nos locais onde se exerce a actividade, acompañados de funcionario municipal ou provincial.
- Compilar a documentación xeral de tipo técnico (lexislación, estudos, etc.), xurídico (lexislación, consultas, xurisprudencia etc.), ou particular de tipo público (páxinas web, boletíns oficiais etc.) necesaria para a instrución do expediente.
- Esta colaboración externa poderá incluír a elaboración de comunicacións, dilixencias, actas, informes ampliatorios, propostas de regularización, propostas de sanción e demais documentos integrantes do expediente inspector ou sancionador, para a súa sinatura, se procede, polos funcionarios actuarios pertencentes á Deputación provincial.
- Informar das actuacións realizadas, os feitos, a lexislación aplicable e as conclusións.
- Colaborar coa Unidade de Inspección da Deputación provincial, e baixo a dirección desta, na resolución dos recursos de reposición que se interpoñan contra os actos ditados en relación cos expedientes inspectores e sancionadores, nos termos establecidos no apartado anterior.
- Realizar todas as tarefas de tipo administrativo e informático (gravación de datos, confección de documentos, notificacións etc.) relacionadas coas actuacións inspectoras e cos expedientes sancionadores derivados delas. Para tal efecto, o apoio externo utilizará a aplicación informática que empregue a Deputación Provincial da Coruña, debéndose observar as instrucións de identificación e autenticación fixadas pola Deputación. Para iso, a Deputación porá á súa disposición a utilización da aplicación informática.

Cuarta: COMISIÓN MIXTA.

Para os efectos de coordinar as actividades necesarias para a execución do presente convenio, crease unha comisión técnica de coordinación e control, formada por un representante de cada unha das administracións.

A antedita comisión reunirse por instancia de calquera das partes, e terá as seguintes funcións:

- Coordinar a execución do convenio
- Dirixir e controlar o cumprimento do convenio
- Calquera outra que puideran derivarse do presente convenio.

Quinta: ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA.

O presente convenio, que logo da aprobación polos plenos de ambas as dúas corporacións, entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación, terá un prazo de vixencia de catro anos.

En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no parágrafo anterior, as partes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de catro anos



adicionais ou a súa cancelación.

Sexta: TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO.

Será de aplicación o disposto no artigo 6.f) da Ordenanza fiscal n.º 5 da Deputación.

As taxas que ha aboar o Concello de Padrón polas cantidades cobradas como consecuencia de liquidacións derivadas deste labor inspector serán as seguintes:

- 2,5% do importe das cotas recadadas en período voluntario.
- 75% do importe das recargas de prema recadadas en período executivo.

Sétima: PROTECCIÓN DE DATOS.

A presente cláusula incorporárase en cumprimento da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Como queira que as competencias de inspección do imposto sobre actividades económicas do Concello de Padrón están delegadas na Deputación da Coruña é esta quen ten a condición de responsable dos ficheiros xerados en virtude da actuación delegada, sendo o Concello de Padrón responsable do tratamento daqueles ficheiros precisos para o desenvolvemento da colaboración descrita neste convenio, non considerándose comunicación de datos a un terceiro o acceso a estes da asistencia técnica do concello, ao tratarse dun acceso necesario para a prestación dun servizo ao responsable do tratamento, segundo dispón o artigo 33 da devandita lei.

PRESIDENTE P.D.,

O DEPUTADO DE FACENDA, RRHH E AVANCE DIXITAL O ALCALDE DE PADRÓN

Asdo. José Ramón Riobóo Castro

Asdo.: Anxo Rei Arca

O SECRETARIO ACCIDENTAL

Asdo.: Miguel Iglesias Martínez"

21.- Dación de conta da Memoria de Recadación e Xestión Tributaria da Deputación da Coruña do 2024 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta á Comisión da Memoria de Recadación e Xestión Tributaria da Deputación da Coruña do 2024 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

22.- Aprobación inicial do Regulamento de Distincións e Honras da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña.

INTERVENCIÓNS

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente.

Bueno, sin cuestionar la necesidad de esta iniciativa, sin cuestionar la necesidad de actualizar el reglamento de honras, debemos advertir de que someter el mismo al dictamen de la Comisión Informativa y a la aprobación inicial del Pleno sin realizar antes unas consultas previas a los grupos de la oposición, Alternativa dos Veciños, o por lo menos al Grupo Popular, que es el grupo mayoritario de esta cámara, nos parece muy cuestionable desde el punto de vista del talante y de la vocación del consenso que debe presidir la aprobación de un reglamento de honras. Y debemos advertir, asimismo, que tramitar el reglamento sin realizar la consulta previa a los ciudadanos que prevé la ley supone, en términos políticos, un desprecio a los principios de participación y



transparencia.

Ya sobre el fondo de la cuestión, sobre la propuesta concreta de reglamentación, nos reservamos para el posterior Pleno en el que se resuelvan las alegaciones, alegaciones que ya anuncio que formularemos en tiempo y forma. En consecuencia, más que una cuestión de fondo, que hay algún matiz que nosotros podríamos aportar, yo creo que hay una cuestión formal de falta de diálogo y de transparencia, bien por despiste por lo que sea o por mala intención, que no digo que la haya habido, entiendo que no, entiendo que no, pero creo que una cuestión como esta, que trasciende a esta Corporación, porque un reglamento de honras trasciende a los que estamos hoy aquí. Dentro de dos años habrá cambios, algunos seguirán otros no seguirán, estaremos, no estaremos, pero tiene que ser, entiendo yo, una cuestión como esta, fruto del diálogo, fruto del consenso, porque es algo que trasciende a la acción política de un gobierno determinado. Por lo tanto, nos vamos a abstener. Gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi bo día.

Como explicamos xa na Xunta de Voceiros, isto é unha actualización do regulamento que vén da década dos anos 60, é dicir, do período predemocrático, ao actual marco normativo legal, polo tanto, non hai ningún tipo de indicación política nin modificación proposta dende o Goberno nese regulamento, senón que se trata de adaptalo á lexislación vixente. Polo tanto, dende ese punto de vista enténdíase que era unha cuestión de mero trámite, non de facer achegas para modificalo. Se loxicamente dende o Grupo do Partido Popular quere facer algún tipo de achega pode solicitar que tratemos este tema nunha xunta de voceiros, e non hai ningún tipo de problema, pero trátase de actualizalo. Penso que ía sendo hora, estamos en 2025, dende a década dos 60 van sesenta e pico anos, con distintas corporacións de distinto signo sen que ese regulamento estivera actualizado, mais loxicamente agora tendo unha lei de memoria democrática que tamén inflúe, como ben saben vostedes, nos expedientes de honras e distincións. Polo tanto, é un trámite formal, que non depende dunha decisión política nin subxectiva, nin obxectiva, nin discrecional e, polo tanto, dende ese punto de vista, como outros moitos temas que se traen a Pleno, se houbese que adaptar á lexislación vixente. Máis alá diso, se se quere, como digo, facer propostas para melloralo ou enriquecelo ou adaptalo á visión que poida ter cada un de nós de como deben tramitarse os expedientes de honras e distincións, pois poden facer vostedes esa proposta, reunímonos e sentámonos cando vostedes consideren. Nada máis.

Sr. Ben Otero

Sin ánimo de polemizar o abrir grandes debates, yo creo que en este caso no aplica un poco la propiedad conmutativa, en este caso sí el orden de los factores puede alterar el producto. ¿Por qué lo digo? Porque usted nos ofrece ahora la posibilidad de en una Junta de Portavoces hacer aportaciones. Perfecto, pero eso tenía que haber sido previo a la aprobación inicial en el Pleno del día de hoy. Porque, claro, es verdad que está sin actualizar el reglamento de honras, nadie lo cuestiona. La cuestión es: ¿es tan importante que se actualice el reglamento de honras en el Pleno de marzo? ¿No podría ser en el Pleno de abril o en el Pleno de mayo? ¿Cuál es exactamente la urgencia para...? Yo creo que simplemente es fruto de un despiste. Entiendo que es así y entiendo que no hay mala intención, de verdad lo entiendo, por eso la explicación que usted da, nosotros ya partimos de ese principio de que no hay mala fe. Creo que es un despiste, un “pues *p’alante*, como los de Alicante”, y la cuestión es esta, la cuestión es que un proceso como este que, repito, trasciende a las corporaciones tiene que ser fruto del consenso,



del diálogo, de la aportación, y no hay ningún problema, porque no tenemos ningún problema ni ninguna duda de que haya que actualizar el reglamento de honras. Creo que lo hemos hecho mal por una cuestión formal y, en consecuencia, nosotros nos abstendremos y nada más. Es una abstención en el sentido de cuestionar las formas que se aplican, no el fondo de la cuestión. Gracias

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados/as (9 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

“1º.- Aprobar inicialmente o Regulamento de Distincións e Honras da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña, que se transcribe a continuación do punto cuarto como Anexo I ao presente acordo.

2º.- Someter o presente acordo a exposición pública no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Edictos e na web desta Deputación durante trinta días hábiles contados desde o seguinte ao de publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia para exame do expediente e presentación de reclamacións polas persoas interesadas.

3º.- Entender definitivamente adoptado o presente acordo no caso de que non houberse reclamacións, en caso contrario someter a novo acordo plenario para resolución das mesmas.

4º.- Publicar o contido íntegro consolidado do Regulamento no Boletín oficial da provincia da Coruña, despois da aprobación definitiva, como requisito para a súa entrada en vigor, unha vez cumpridos os trámites esixidos polo artigo 65 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

ANEXO I

REGULAMENTO DE DISTINCIÓNS E HONRAS DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA TÍTULO PRELIMINAR Exposición de motivos

A Excma. Deputación Provincial da Coruña dispoñía dun Regulamento de Honras e Distincións, aprobado por acordo da Corporación en Pleno o 27 de decembro de 1960, que serviu ata a data para o recoñecemento de personalidades e institucións ilustres.

O acordo de referencia foi aprobado polo Ministerio da Gobernación con data de 23 de decembro de 1960, polo que transcorridos mais de sesenta anos e coa finalidade de adaptarse ás novas necesidades e sensibilidade cidadá é necesario un novo regulamento, máis acorde coa sociedade actual e que recolla aspectos protocolarios que o anterior non reflectía.

Para levar á práctica o disposto no artigo 191 do vixente *Reglamento de Organización y Funcionamiento Jurídico de las Entidades Locales*, é de todo punto necesario dispoñer dun regulamento que faga factible enxalzar e premiar, en forma honorífica, a persoas ou



Entidades que, polos seus actos ou servizos eminentes e de relevante mérito na orde provincial ou nacional, merezan que o recoñecemento e gratitude da Deputación se exteriorice e faga patente, para constancia imperecedeira, e dar pública satisfacción, mediante un prezado galardón ou nomeamento distintivo, que gradúe a honra en paridade coa excepcional conduta.

En relación á modificación do Regulamento, parécenos necesario realizala, concretándoa nos dous aspectos esenciais:

- De forma: as expresións teñen que adaptarse ás circunstancias actuais, xa que a maneira de expresarse noutros tempos era moi distinta á do momento que se vive na actualidade.
- De fondo: a superación de concepcións antigas que quizais non poidan ser valoradas hoxe de igual maneira. Isto moveunos a concretar o desenvolvemento dunha materia non contemplada no anterior como é a regulación de honras e distincións destinados a premiar especiais merecementos, calidades e circunstancias singulares que concorran nos galardoados, persoas físicas ou xurídicas con títulos non existentes pero cuxa inclusión se considere de interese, como e o suposto da:
- Medalla ao mérito.

TÍTULO I

SOBRE AS DISTINCIÓNS HONORÍFICAS

Capítulo I.- Dos Títulos, Honras e Condecoracións oficiais

Artigo 1º.-As mencións, felicitacións, homenaxes e demais actos de recoñecemento a favor de persoas ou institucións expresados por autoridades ou órganos provinciais e non regulados neste Regulamento, someteranse ás normas específicas ou xerais do procedemento; pero non terán o carácter de distinción honorífica da Deputación, que só será aplicable ás reguladas nos artigos seguintes.

Artigo 2º.-Todas as distincións ás que fai referencia este Regulamento teñen carácter exclusivamente honorífico sen que, por tanto, outorguen ningún dereito administrativo ou de carácter económico.

Capítulo II - As distincións honoríficas

Artigo 3º.-Ao obxecto de premiar merecementos excepcionais, servizos destacados, achegas singulares ao engrandecemento de España ou da provincia da Coruña ou traballos valiosos no ámbito cultural, científico, político, artístico, social, deportivo, económico, moral, etc., a Excm. Deputación Provincial da Coruña poderá conceder algunha das seguintes distincións:

1. Medalla de Ouro da provincia
2. Medalla ao Mérito da provincia
3. Fillo ou Filla Predilecta da provincia:
4. Fillo ou Filla Adoptiva da provincia
5. Nomeamento de Presidente/a Honorario/a da Deputación
6. Nomeamento de Deputado/a Honorario/a de la Deputación
7. Gravata de Honra da Provincia para bandeiras ou estandartes

Capítulo III – Normas para a concesión das distincións

Artigo 4º.-Coa excepción de membros da Familia Real, non poderán adoptarse acordos que outorguen honras e distincións a persoas que desempeñen altos cargos da Administración e respecto das cales se atope a Excm. Deputación Provincial da Coruña en relación subordinada de xerarquía, función ou servizo, en tanto subsistan estes



motivos.

Artigo 5º.-Para que poida concederse calquera das Honras ou Distincións, fóra dos títulos de carácter excepcional, será indispensable a tramitación do oportuno expediente que permita xustificar as razóns do outorgamento.

Artigo 6º.-Corresponde a presidencia a presentación das propostas de outorgamento das diversas honras e distincións, xa sexa por iniciativa propia o pola iniciativa dun terzo dos membros da corporación.

A Presidencia acusará recibo da solicitude e decidirá sobre o seu arquivo ou tramitación. A partir do acuse de recibo e tendo en conta o principio de reserva do expediente que establece o artigo 8º, non se realizará outra notificación aos peticionarios, salvo as que se refiran á ampliación da memoria e datos aos que se refire o artigo seguinte. Notificaráselles, unicamente, o acordo definitivo de concesión cando sexa favorable, pero non terán a consideración de parte no expediente a outros efectos

Artigo 7º.-O escrito no que se solicite faranse constar os feitos, méritos e servizos nos que se funda a petición, a persoa a quen ha de outorgarse e a distinción que para a mesma se solicita.

A presidencia e a comisión correspondente practicarán cantas dilixencias adicionais estimen precisas para documentar a proposta .

Artigo 8º.-O expediente tramitarase de forma reservada e non se dará información nin se expedirán certificacións ata que se adoptara acordo en sentido positivo. No caso de que non chegase a aprobarse a proposta, evitarase calquera forma de publicidade nos mesmos termos establecidos para os acordos que afecten á intimidade das persoas físicas.

Artigo 9º.-Debatida e aceptada a proposta na Comisión Informativa correspondente, dispoñerase pola Presidencia a incoación do expediente ao fin indicado.

Artigo 10º.-Unha vez ditaminado o expediente, elevarase ao Pleno, para que a Corporación se pronuncie no sentido que estime oportuno, outorgando ou denegando a distinción.

Artigo 11º.-O acordo de concesión notificarase á persoa distinguida e aos peticionarios. A aceptación farase constar expresamente no expediente.

Artigo 12º.-Corresponderá á Presidencia executar o acordo e determinar as características da cerimonia que corresponda, segundo o tipo de distinción que se concedeu. En principio e salvo circunstancias especiaisísimas que serán apreciadas pola Presidencia, ao acto daráselle a debida publicidade.

Artigo 13º.-Os acordos de concesión das distincións honoríficas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Artigo 14º.-O expediente constará da seguinte documentación:

- Documentos xustificativos da iniciación.
- Información detallada dos méritos e circunstancias relacionadas coa persoa ou Entidade proposta para a distinción.
- Ditame da Comisión correspondente no que se propoña ou denegue a concesión



honorífica proposta.

- Certificación do acordo do Pleno no que se aproba ou denega o ditame emitido pola Comisión correspondente.

Artigo 15º.-Revogación

- 1.A concesión das honras ou distincións a que o presente Regulamento se refire poderá ser revogada se con posterioridade á mesma os interesados realizan actos ou manifestacións que os fagan indignos da súa titularidade, ou de menosprezo aos méritos que no seu día foron causa do seu outorgamento.
2. Para a revogación será preciso observar, en todo caso, igual procedemento que o previsto para a súa concesión.

Capítulo IV.- A Medalla de Ouro da Provincia

Artigo 16º.-A Medalla de Ouro da Provincia constitúe o grao máximo das consideracións que pode outorgar a Corporación. Respondendo a esta singularidade haberá de reservarse a súa concesión a casos excepcionais, de méritos extraordinarios que concorran en personalidades, entidades ou corporacións nacionais ou estranxeiras, que polos seus destacados méritos e polos relevantes servizos prestados á Provincia, poidan considerarse pola Excm. Deputación Provincial da Coruña dignas por todos os conceptos desta distinción.

A Medalla de Ouro da Provincia será acuñada segundo modelo aprobado no Regulamento de Honras e Distincións, o 29 de agosto de 1963, e ostentará no centro do anverso, en relevo, o Escudo heráldico da Deputación orlado coa seguinte inscrición: “A Provincia da Coruña”; e no reverso gravado, o nome e apelidos do interesado e a data da súa concesión. Irá suxeito cun pasador de ouro a un cordón como da Medalla dos membros da Corporación Provincial.”

Será confeccionada en prata recuberta de ouro de 18 quilates.

Para garantir a futura identidade e características da mesma, utilizarase o troquel e esbozo confeccionados a tal efecto, atopándose ambos os elementos depositados na Sección de Relacións Públicas e Protocolo.

Artigo 17º.-Tramitado o expediente e redactada a proposta definitiva, se esta fose favorable, elevarase á Deputación en Pleno e a Corporación deberá pronunciarse na devandita sesión, sendo necesario para a súa aprobación o voto favorable da maioría absoluta dos seus membros (art. 47 LBRL).

Artigo 18º.-No solemne acto de outorgamento, en presenza da Corporación convocada para o efecto, entregaranse o Diploma e a medalla conforme ao modelo establecido para ese efecto.

Capítulo V.- Da Medalla ao Mérito

Artigo 19º.-Da “Medalla ao Mérito” fíxase unha soa categoría.

Artigo 20º.-O deseño da Medalla será idéntica á Medalla de Ouro de Provincia, utilizando neste caso a prata como material nobre para a súa confección.

Artigo 21º.-Para a súa concesión teranse en conta a traxectoria ou os actos singulares de especial transcendencia que desenvolvesen as persoas ou entidades propostas para a



súa concesión nos ámbitos da cultura, a arte, o deporte, o medio ambiente, a acción social ou calquera outra análoga que redunde en beneficio da sociedade da provincia da Coruña, así como os servizos prestados á Deputación.

Artigo 22º.-Para a súa concesión será necesario o voto favorable da maioría simple dos membros presentes na sesión plenaria ou da Comisión Delegada do Pleno en que se acorde. A entrega efectuarase polo Presidente ou Presidenta ou membro da Corporación en quen delegue.

Capítulo VI.- Dos Títulos de Fillo/a Predilecto/a e de Fillo/a Adoptivo/a da provincia da Coruña

Artigo 23º.-O título de Fillo/a Predilecto/a da Coruña, só poderá recaer en quen nacece na provincia da Coruña, e que polas súas destacadas calidades persoais ou méritos sinalados e singularmente polos seus servizos en beneficio, mellora ou honra da provincia, alcanzasen o prestixio e consideración xeral.

Artigo 24º.-O nomeamento de Fillo/a Adoptivo/a, Predilecto/a poderá conferirse a favor de persoas que, sen nacer na Coruña, reúnan os méritos e circunstancias enumeradas no artigo 23 do presente regulamento.

Artigo 25º.-Tanto O título de Fillo/a Predilecto/a como o de Fillo/a Adoptivo/a, poderán ser concedidos como póstuma homenaxe ao falecemento de personalidades nas que concorreren os merecementos citados.

Artigo 26º.-O títulos de Fillo/a Predilecto/a u Adoptivo/a, será vitalicio.

Artigo 27º.-Tramitado o expediente e redactada a proposta definitiva, se esta fose favorable, elevarase á Deputación en Pleno e a Corporación deberá pronunciarse na devandita sesión, sendo necesario para a súa aprobación o voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Capítulo VII.- Do nomeamento de Membros Honorarios da Excma. Deputación Provincial da Coruña

Artigo 28º.-O nomeamento de Presidente/a ou Deputado/a Honorario/a da Deputación da Coruña, poderá ser outorgado por esta a personalidades, nacionais ou estranxeiros como mostra da alta consideración que lle merecen distincións recibidas ou en correspondencia a outras análogas, de que fose obxecto a Corporación provincial.

Artigo 29º.-Tramitado o expediente e redactada a proposta definitiva, se esta fose favorable, elevarase á Deputación en Pleno e a Corporación deberá pronunciarse na devandita sesión, sendo necesario para a súa aprobación o voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Artigo 30º.-Os nomeamentos de Presidente/a ou Deputado/a honorario/a, poderán facerse con carácter vitalicio, ou por prazo limitado ou circunscrito tan só ao período que corresponda ao cargo que ocupe o designado, cando a designación fose acordada expresamente en atención ao devandito cargo.

Artigo 31º.-Os designados carecerán de facultades para intervir no Goberno provincial da Coruña, pero o Presidente ou Presidenta poderá encomendarlles funcións representativas que haxan de exercerse fora do ámbito provincial.



Artigo 32º.-A posesión dunha distinción provincial, dará dereito a quen a ostente, a ocupar o lugar preferente que sinala o protocolo nos actos organizados pola Deputación aos que sexan convidados.

Capítulo VIII.- Da Gravata de Honra da Provincia

Artigo 33º.-A Gravata de Honra da Provincia para bandeiras ou estandartes poderá concederse a institucións, corporacións ou agrupacións que realizen actos de transcendencia en beneficio da provincia da Coruña.

Artigo 34º.-

1. Dita Gravata será de seda, branca e azul, por metade, de seis centímetros de ancho e sesenta de longo co escudo da Provincia e a súa ornamentación gardará relación coa Entidade ou Corporación a quen se conceda. Na tea figurará a lenda en ouro “Ao mérito provincial. Excma. Deputación Provincial da Coruña”.
2. Imponse sobre a insignia, bandeira ou estandarte da entidade galardoada.

Capítulo IX.- Do Libro-Rexistro de Distincións Honoríficas

Artigo 35º.-As distincións deberán inscribirse nun libro-rexistro, que estará a cargo da persoa titular da Secretaría Xeral da Excma. Deputación Provincial da Coruña. O libro dividirase en seccións, unha para cada unha das recompensas honoríficas reguladas neste Regulamento.

Artigo 36º.-En cada unha das seccións consignarase por orde cronolóxica de concesión:

1. O nome da persoa agraciada
2. Acordo do Pleno polo que se acordou honrar á persoa ou entidade cunha distinción
3. Resumo dos méritos polos que se lle concede o premio
4. Data na que foi entregada a Distinción
5. Firma da persoa distinguida ou de quen ostente a representación da entidade no seu caso.

TÍTULO VII

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

PRIMEIRA.- Cantas personalidades ou entidades corporativas áchense actualmente en posesión dalgunha das distincións que son materia deste Regulamento, continuarán no goce das mesmas con todos os dereitos, honras e prerrogativas recoñecidas polos Regulamentos respectivos ou por anteriores acordos provinciais ditados en relación coas devanditas distincións, agás aquelas que contraviñesen o disposto na Lei 20/2022, de 19 de outubro, de *Memoria Democrática*, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura.

SEGUNDA.- As distincións cuxo expediente de concesión se instrúa no momento de entrada en vigor deste Regulamento, adaptaranse nas súas actuacións sucesivas ao establecido na presente normativa.

TÍTULO VIII

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Quedan derogadas calquera normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto no presente regulamento, e, en particular, as seguintes:

- Regulamento de Honras e Distincións, aprobado polo Pleno da Excma. Deputación Provincial da Coruña o 29 de agosto de 1960.



TÍTULO IX DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez sexa aprobado definitivamente, publicado integramente o seu texto no BOP e transcorrido o prazo de quince días hábiles previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, *Reguladora de Bases de Régimen Local*".

23.- Dación de conta da liquidación do orzamento do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2024.

Dáse conta da liquidación do orzamento do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2024.

24.- Aprobación do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Betanzos polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da "Feira franca medieval de Betanzos"

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento de la subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a colaboración e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora dos recursos turísticos provinciais.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa.

- O proxecto FEIRA FRANCA MEDIEVAL DE BETANZOS, pretende poñer en valor todo o patrimonio histórico-cultural que encerra o Casco Histórico dunha cidade que chegou a ser capital do Reino de Galicia, e que está composto por innumerables elementos tanto de carácter relixioso, coma civil, e que ademais foi declarado conxunto histórico- artístico polo Decreto 3850 do ano 1970. Enténdese este como o primeiro paso para acadar unha desestacionalización do turismo cultural que visita Betanzos durante as épocas de "temporada baixa"

- Tratar de potenciar o comercio e a instalación de novos negocios nesta zona da cidade, que foi de sempre a zona máis comercial da mesma, e na que o paso do tempo e a falla de espírito de rehabilitación dos edificios privados, fixeran mella nos últimos anos.

- Lembrar a historia de Betanzos aos betanceiros e darlla a coñecer aos visitantes.



3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE BETANZOS con CIF P1500900D , para financiar o “FEIRA FRANCA MEDIEVAL DE BETANZOS” cun orzamento total de 100.000,00 €

4º Salvar a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe, coa motivación incorporada nos apartados 1º e 2º do presente acordo, sendo os reparos os seguintes:

- Falta de motivación da singularidade da entidade e da xustificación da excepcionalidade da actividade realizada, de xeito que xustifiquen a imposibilidade ou non conveniencia da convocatoria pública en concorrencia competitiva da subvención proposta. O que supón a omisión dun requisito ou trámite esencial de acordo co disposto no artigo 216.2.c do TRLRFL así como un incumprimento das condicións establecidas no artigo 22.2 da LXS para xustificar o carácter nominativo da subvención proposta.
- Falta de acreditación dos criterios tomados en consideración para determinar o importe da subvención provincial que se ha conceder e do coeficiente de financiamento.
- Incumprimento do principio de anualidade orzamentaria.

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 50.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 50,00 %.

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e o CONCELLO DE BETANZOS polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento do “FEIRA FRANCA MEDIEVAL DE BETANZOS”.

En A Coruña, a

REUNIDOS

Dunha parte....., en representación da Deputación da Coruña

Doutra parte, en representación do CONCELLO DE BETANZOS

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de cooperación, e reunidos en presenza do Secretario Provincial.

EXPOÑEN

1.- Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE BETANZOS consideran de gran interese o apoio á “FEIRA FRANCA MEDIEVAL DE BETANZOS ”,



coa finalidade de poñer en valor todo o patrimonio histórico-cultural que encerra o Casco Histórico da vila que chegou a ser capital do Reino de Galicia, e que está composto por innumerables elementos tanto de carácter relixioso, coma civil, e que ademais foi declarado conxunto histórico, ademais de acadar unha desestacionalización do turismo cultural que visita Betanzos durante as épocas de “temporada baixa” e tratar de potenciar o comercio e a instalación de novos negocios nesta zona da cidade, que foi de sempre a zona máis comercial da mesma; de igual xeito lembrar a historia de Betanzos aos betanceiros e darlla a coñecer aos visitantes.

2.- Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE BETANZOS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes.

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do CONCELLO DE BETANZOS, con CIF P1500900D, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento do “FEIRA FRANCA MEDIEVAL DE BETANZOS” ”.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

Gastos Feira Franca medieval ano 2024.

1. Actuacións teatrais e musicais:	55.000 €
2. Publicidade e deseño de cartelería e material promocional	5.000 €
3. Aluguer e elaboración de traxes e elementos decorativos	5.000 €
4. Medios, técnicos, fotografía e imaxe	8.000 €
5. Apoios á produción	5.000 €
6. Varios (escenarios, instalación eléctricas, plan de autoprotección, seguridade, pirotecnia, etc.).	22.000 €

Total 100.000 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 50.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 50.00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 50.00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46201, onde existe crédito corrente suficiente para o



financiamento do proxecto.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE BETANZOS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao CONCELLO DE BETANZOS. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas ao CONCELLO DE BETANZOS, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, o CONCELLO DE BETANZOS deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que o CONCELLO DE BETANZOS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE BETANZOS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE BETANZOS, unha vez que se presente a seguinte documentación:

1. Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE BETANZOS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA..
3. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade



- Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
4. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 5. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
 6. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE BETANZOS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA teñen carácter retroactivo, e abranguerán as datas sinaladas na cláusula XIII.

2. Unha vez rematadas as actividades, a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA deberá estar presentada como máximo DOUS MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE BETANZOS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto tal como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE BETANZOS da sanción que, de conformidade con disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE BETANZOS na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE BETANZOS terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se deveñan desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE BETANZOS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a



que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE BETANZOS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE BETANZOS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE BETANZOS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONCELLO DE BETANZOS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio interadministrativo de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se debeñan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.



3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE BETANZOS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONCELLO DE BETANZOS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de cooperación terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro do 2024, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30 de agosto do 2025. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria

2. O CONCELLO DE BETANZOS deberá ter e presentada a xustificación en todo caso antes do día 30 de xuño de 2025.

3. Para o caso de que o CONCELLO DE BETANZOS non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación ante do 30 de xuño de 2025, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito axeitado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2025. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE BETANZOS perderá o dereito ao cobro do importe



correspondente á contía non xustificada na dita data.

4. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE BETANZOS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ____ do día ____ de ____ de ____ E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación da Coruña,

O representante do CONCELLO DE BETANZOS,

O Secretario Provincial”

25.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración co CONCELLO DE VALDOVIÑO para levar a cabo o proxecto "SENDA CICLABLE ENTRE VALDOVIÑO E TARAHA", financiado polo Programa DUS 5000, no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia--financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo de colaboración co CONCELLO DE VALDOVIÑO, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para a realización das obras recollidas no proxecto “SENDA CICLABLE ENTRE VALDOVIÑO E TARAZA”, financiado polo Programa DUS 5000, no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia--financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU, propónse á Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Aprobar a formalización dun convenio administrativo de colaboración co CONCELLO DE VALDOVIÑO, para regular a encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial da Coruña, para a realización das obras recollidas no proxecto "SENDA CICLABLE ENTRE VALDOVIÑO E TARAZA", financiado polo Programa DUS 5000, no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia--financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU, segundo se indica:

TIPO DE CUSTO	IMPORTE	DEPUTACIÓN DA CORUÑA	% ACHEGA	PROGRAMA DUS5000 UE	% ACHEGA
Execución da obra	377.248,91 €	56.587,34 €	15 %	320.661,57 €	85 %
Dirección de obra (*)	9.431,22 €	1.414,68 €	15 %	8.016,54 €	85 %
Seguridade e Saúde (*)	1.283,78 €	1.283,78 €	100 %	---	---
Control de calidade (*)	2.619,97 €	2.619,97 €	100 %	---	---
IMPORTES TOTAIS	390.583,88 €	61.905,77 €		328.678,11 €	

2. Condicionar a contratación e execución das obras obxecto da encomenda á efectiva disposición dos fondos necesarios para o seu financiamento e á aprobación do citado proxecto de obra.

3. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VALDOVIÑO PARA LEVAR A CABO O PROXECTO “SENDA CICLISTA ENTRE VALDOVIÑO E TARAZA” FINANCIADO POLO PROGRAMA DUS 5000, NO MARCO DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RETO DEMOGRÁFICO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

A Coruña, de do 2025

REUNIDOS

D., en representación da Deputación provincial da Coruña

D., en representación do Concello de Valdoviño

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e



recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

EXPOÑEN

O Plan Director de mobilidade ciclista da Deputación da Coruña, aprobado por acordo do Pleno provincia en sesión ordinaria celebrada o vinte e sete de outubro de dous mil dezasete, ten como obxectivo fundamental dotar á Deputación dun instrumento de planificación e deseño que permita, a través do fomento do uso da bicicleta na provincia da Coruña, o desenvolvemento de medidas por e cara a unha mobilidade máis sostible, respectuosa co medio ambiente e enerxeticamente eficiente.

O Plan de Mobilidade Sostible do concello de Valdoviño, aprobado por unanimidade no pleno celebrado o nove de outubro de dous mil vinte e un, é un documento mestre de planificación estratéxica do territorio a través do fomento dunha mobilidade sostible, que procura unha accesibilidade universal e inclusiva e unha redución da pegada de carbono, que aposta por un reparto máis equitativo do espazo público e unha redistribución que favoreza os modos alternativos de transporte sostibles. O Plan propón un novo equilibrio nos modos de transporte utilizados pola cidadanía, fomentando os sistemas de mobilidade alternativa sostible dende un punto de vista social e ambiental a través da mobilidade peonil, en bicicleta e en transporte público, así como un aumento da seguridade viaria e a accesibilidade universal.

Na convocatoria do Programa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Medida 5. Mobilidade Sostible, ao amparo e de conformidade co establecido no Real decreto 692/2021, de 3 de agosto, publicada polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), á Deputación da Coruña, en colaboración co concello de Valdoviño, presentou o proxecto “Senda ciclista entre Valdoviño e Taraza”.

Por resolución do director xeral do IDAE do vinte e dous de xaneiro de dous mil vinte e catro, acordouse conceder á Deputación da Coruña unha axuda para realizar o dito proxecto, por un importe máximo de 351.308,11 euros, de conformidade co establecido no Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto.

De conformidade co establecido no artigo 46 “Medidas de conservación da Rede Natura 2000” da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade (modificada pola Lei 33/2015), que transpon a Directiva 92/43/CEE relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, a deputación da Coruña realiza o estudo de avaliación ambiental do proxecto “Senda ciclista entre Valdoviño e Taraza”.

Tanto a deputación da Coruña como o concello de Valdoviño promoven políticas de mobilidade ciclista e peonil, xa que estas teñen múltiples beneficios que impactan positivamente na sociedade, no medio ambiente e na saúde das persoas.

En consecuencia, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración entre ambas as dúas administracións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio entre a deputación da Coruña e o concello de Valdoviño con suxeición as seguintes **CLÁUSULAS**:



PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é regular a encomenda de xestión por parte do concello de Valdoviño a favor da deputación da Coruña para a actuación referida no proxecto “Senda ciclista entre Valdoviño e Taraza” no contexto do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O proxecto da obra contén de xeito fidedigno as propostas técnicas e orzamentarias correspondentes para a súa realización práctica.

A actuación prevista ten o seu encaixe no Componente 2, Inversión 4, do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia con título “Proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000)”.

O presente convenio pretende basicamente garantir á Deputación que, previamente ao comezo das obras, cuxa contratación asume, conte cos terreos, se é o caso, e as autorizacións ou licenzas necesarias, e que o concello finalmente acepte a obra realizada pola Deputación e se comprometa a asumir o seu mantemento e conservación.

SEGUNDA. ORZAMENTO E PRAZO DE EXECUCIÓN

1. O proxecto “Senda ciclista entre Valdoviño e Taraza” ten un orzamento de TRESCENTOS SETENTA E SETE MIL DOUSCENTOS CORENTA E OITO CON NOVENTA E UN (377.248,91) EUROS, IVE incluído.

Engadiranse a este importe os custos derivados especificamente da execución da obra, asumidos tamén directamente pola deputación da Coruña, que se indican a continuación, calculados sobre o orzamento de execución material inicialmente previsto:

- Contrato de dirección de obra: 2,975 % + IVE: 9.431,22 €
- Contrato de seguridade e saúde: 0,49 % IVE incluído: 1.283,78 €
- Contrato de control de calidade: 1% IVE incluído: 2.619,97 €

O importe total do proxecto ascende a 390.583,88 €.

2. O prazo de execución dos traballos é de seis (6) meses .

TERCEIRA. FINANCIAMENTO

O custo total da actuación recollida na cláusula segunda será asumido pola deputación da Coruña e financiada con cargo á convocatoria do IDAE “DUS 5000”, no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, cun importe máximo de 351.308,11 €.

O detalle dos custos da execución da intervención indicada é o seguinte:

TIPO DE CUSTO	IMPORTE	DEPUTACIÓN DA CORUÑA	% ACHEGA	PROGRAMA DUS5000 UE	% ACHEGA
Execución da obra	377.248,91 €	56.587,34 €	15 %	320.661,57 €	85 %
Dirección de obra (*)	9.431,22 €	1.414,68 €	15 %	8.016,54 €	85 %
Seguridade e Saúde (*)	1.283,78 €	1.283,78 €	100 %	---	---



Control de calidade (*)	2.619,97 €	2.619,97 €	100 %	---	---
IMPORTES TOTAIS	390.583,88 €	61.905,77 €		328.678,11 €	

(*) Os importes deben considerarse orientativos

Os custos de execución e dirección da obra, estimados inicialmente en 386.680,13 €, imputaranse á aplicación orzamentaria provincial 0520/4549/650 CP 2024.3.81990.2. En canto aos gastos derivados da seguridade e saúde e control de calidade, estimados inicialmente en 3.903,75 €, imputaranse aos contratos vixentes na deputación da Coruña para as ditas prestacións.

CUARTA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO

En virtude da sinatura do presente convenio o concello de Valdoviño comprométese a:

1. Encomendar expresamente á deputación da Coruña a realización da actuación "Senda ciclista entre Valdoviño e Taraza"
2. Como trámite previo á licitación das obras pola deputación da Coruña, presentar unha certificación xustificativa da efectiva dispoñibilidade do terreo de actuación, libre de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado, para a execución das obras as que se refiren as actuacións que se describan no proxecto "Senda ciclista entre Valdoviño e Taraza". Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes ante os organismos que corresponda, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, cando estas fosen necesarias, correndo cos custos que se xeren.
3. Facilitar a realización das obras correspondentes ao proxecto "Senda ciclista entre Valdoviño e Taraza".
4. Comunicar á deputación da Coruña calquera circunstancia que poida incidir no desenvolvemento do proxecto.
5. Unha vez realizadas as obras pola deputación da Coruña e coa asistencia do persoal designado polo concello de Valdoviño, procederase a formalizar acta de entrega á entidade municipal da obra realizada, asumindo ésta a súa explotación, mantemento e conservación como titular destas, ou se fose o caso por parte dos entes titulares afectados no ámbito territorial do concello de Valdoviño. Así mesmo, o técnico designado polo concello elaborará un informe de conformidade coa recepción e de presentar algún elemento desconforme, a Deputación deberá proceder a realizar as actuacións que correspondan para obter o carácter favorable da valoración técnica.
6. Dar publicidade desta actuación da deputación da Coruña en colaboración co concello de Valdoviño e do apoio financeiro dos fondos europeos NextGenerationEU.

QUINTA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

En virtude da sinatura do presente convenio a deputación da Coruña, recibida a encomenda de xestión á que se refire a cláusula anterior, comprométese a:

1. Aprobar o proxecto construtivo, unha vez comprobado o cumprimento de todas as esixencias legais que fosen requiridas para a súa execución, e levar a cabo as actuacións de contratación, execución e dirección das obras descritas no proxecto e formalizar os actos de recepción das mesmas.
2. Comunicar ao concello de Valdoviño a data e hora cunha antelación mínima de dez (10) días para o acto de recepción das obras pola deputación da Coruña, ao cal deberá asistir o representante designado polo concello de Valdoviño, xunto co técnico competente que determine. Así mesmo, o técnico designado polo concello elaborará un informe de conformidade coa recepción e de presentar algún elemento desconforme, a Deputación deberá proceder a realizar as actuacións que correspondan para obter o carácter favorable da valoración técnica. Unha vez



formalizada a recepción, procederase a continuación a facer a acta de entrega das obras realizadas ao Concello de Valdoviño, ou se fora o caso a aqueles entes titulares afectados no ámbito territorial municipal, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obra.

3. Comunicar ao concello de Valdoviño calquera circunstancia que poida incidir no desenvolvemento do proxecto.
4. Dar publicidade nesta actuación provincial da colaboración do concello de Valdoviño e do apoio financeiro dos fondos europeos NextGenerationEU.

SEXTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1. Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante do concello de Valdoviño e outro representante da deputación provincial da Coruña. As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar, avaliar e vixiar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, nos casos de dúbida, o contido do presente convenio.
- Resolver as posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

2. Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.

SÉTIMA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa e será de aplicación o Decreto 246/92, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións de execución das obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais e outros entes de dereito público, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, en especial a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa.

O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo.

OITAVA. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

1. No caso de controversias xurdidas durante a execución do presente convenio, ou dúbidas que se presenten na súa interpretación, que non puidesen ser resoltas pola comisión de seguimento, serán decididas polo Presidente da deputación da Coruña, poñendo así fin á vía administrativa.

2. Serán causas de extinción deste convenio:

- O non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade na realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou que impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no mesmo.
- Denuncia por causas de interese público ou a instancia de calquera das partes.

3. Cada unha das situacións descritas no apartado anterior, por sí soa, será causa suficiente de rescisión do presente convenio.



NOVENA. PUBLICIDADE

O convenio de Encomenda de Xestión será obxecto de publicidade de conformidade co disposto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo Goberno, e no artigo 11.3 b) da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público. Neste senso, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle de ao presente convenio a publicidade esixida.

DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio producirá efecto a partir da súa sinatura. A súa vixencia manterase ata a entrega das obras ou no que, por motivos debidamente xustificados, poidan acordar as administracións afectadas.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as estipulacións.

Así o outorga no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por duplicado exemplar.

Pola Deputación Provincial da Coruña
Asdo.:

Polo Concello de Valdoviño
Asdo.:

O Secretario accidental
Asdo.:"

26.- Aprobación da prórroga do prazo de execución do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Coruñesa de Transportes Discrecionales y Especiales (ACOTRADES) para cofinanciar o proxecto "Formación específica para novos condutores profesionais no sector do transporte por carretera na provincia da Coruña".

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Vista a solicitude presentada pola Presidenta da Asociación Coruñesa de Transportes Discrecionales y Especiales (ACOTRADES) con data 30 de xaneiro de 2025, na que solicita a modificación do prazo de execución do convenio número 77/2024 subscrito coa Deputación da Coruña coa finalidade de colaborar no financiamento do proxecto “Formación específica para novos condutores profesionais no sector do transporte por carretera na provincia da Coruña”, aprobado mediante acordo do Pleno da Corporación



en sesión celebrada o día 27 de setembro de 2024 e tendo en conta os informes dos Servizos de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica, de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización e Control Financeiro, propónse á Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente, a toma en consideración do seguinte acordo:

1.º APROBAR a prórroga do convenio 77/2024, subscrito coa Asociación Coruñesa de Transportes Discrecionales y Especiales (ACOTRADES) para financiar o proxecto "Formación específica para novos condutores profesionais no sector do transporte por carretera na provincia da Coruña" cun prazo de execución das actividades do convenio ata o **31 de maio de 2025**, sen que aprobación desta prórroga supoña ningunha modificación nin das contías nin dos conceptos aprobados.

2.º MODIFICAR a cláusula sétima, cuxa redacción literal quedaría establecida nos seguintes termos:

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 01 de setembro de 2024 e o **31 de maio de 2025**.

2. Unha vez rematadas as actividades, ACOTRADES deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

4. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ACOTRADES para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ACOTRADES da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada por ACOTRADES na documentación presentada."

27.- Aprobación do proxecto da obra "Reforzo de firme na DP 3203 Burricios a Pena de Martín punto quilométrico 0+000 ao 8+370 (OZA-CESURAS)", incluída no Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2025

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- APROBAR o proxecto Reforzo de firme na DP3203 Burricios a Pena de Martín punto quilométrico 0+000 ó punto quilométrico 8+370 (Oza- Cesuras) que se integra no Plan de Investimentos en Vías provinciais 2025, cun orzamento total de 809.403,82 € con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO	PRAZO DE EXECUCIÓN
2025.1110.0002.0	Reforzo de firme na DP3203 Burricios a Pena de Martín punto quilométrico 0+000 ó punto quilométrico 8+370 (Oza- Cesuras).	OZA- CESURAS	809.403,82 €	3 Meses

2.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.”

28.- Aprobación do proxecto "Reformado DP 4701 de Castro á estrada N-634 ensanche e mellora da seguridade viaria punto quilométrico 0+923 ao 5+478 (MESIA)

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. Aprobar o Proxecto “MODIFICADO Nº1 DO PROXECTO DP 4701 DE CASTRO Á ESTRADA N-634 ENSANCHE E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA (MESÍA) (2022.1110.0007.1) cun prazo de execución de 10 meses e cun orzamento de contrata que ascende a 2.025.856,80 € o que supón un incremento de 137.750,83 € respecto ao primitivo que ascendía 1.888.105,97 €
2. Aprobar a formalización en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, B 27156801_ CONSTRUCCIONES Y CANALIZACIONES JOSE SAA, S.L. da modificación do contrato que, aplicando a baixa de adxudicación supón un orzamento de adxudicación de 1.868.042,55€. o que representa unha diferenza de 127.020,04 € con respecto ao prezo de adxudicación que ascendía a 1.741.022,51 €
3. Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 5.248,76 € que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación, previa a formalización do contrato, quedando por tanto fixada a garantía en 77.191,84 €.”

29.- Aprobación técnica do proxecto da obra Mellora da Seguridade Viaria na estrada DP 0503, Bordeiras ao porto de Suevos, punto quilométrico 1+000 ao 2+100



(ARTEIXO).

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- APROBAR técnicamente o proxecto MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA DP 0503, BORDEIRAS AO PORTO DE SUEVOS, PUNTO QUILOMÉTRICO 1+000 ao 2+100 (ARTEIXO) Plan de investimentos en vías Provinciais 2025 cun orzamento total de **1.676.084,23 €** con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4531/60900 que se detalla a continuación:

Código de Obra	Denominación	Concello	Prazo de execución	Orzamento
2025.1110.0003.0	MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA DP 0503, BORDEIRAS AO PORTO DE SUEVOS, PUNTO QUILOMÉTRICO 1+000 ao 2+100 (ARTEIXO)	Arteixo	12 meses	1.676.084,23 €

2.- INICIAR os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución da obra anteriormente referenciada, ascendendo o **orzamento da expropiación** e bens afectados á cantidade de **309.886,81 €**

3.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado. “

ACTUACION DE CONTROL MOCIÓN

Sr. Presidente

Antes de pasar a actuacións de control, ao apartado de mocións, hai unha proposta da Presidencia para o cambio de data da sesión ordinaria do cuarto mes, do Pleno de abril de 2025, e propónse que se celebre o luns 5 de maio de 2025.

Proposta da Presidencia ao Pleno do 28 de marzo de 2025 sobre cambio de data da sesión ordinaria do cuarto mes do ano 2025.

Sr. Presidente

Non sei se hai algunha intervención ao respecto?

Votamos. Primeiro votamos a urxencia.



Procede a votarse a urxencia:

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Aprobada a urxencia por unanimidade dos vinte e nove membros presentes, que representan a maioría absoluta da Corporación, vótase a proposta da Presidencia.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

O artigo 46.2 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes. Por outra banda, o artigo 35 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial.

Tendo en conta que a sesión ordinaria do Pleno de abril de 2025 correspondería celebrala o día 25 dese mes coincidindo a celebración das Comisións Informativas coa festividade de Semana Santa.

Unha vez valorada pola Xunta de Portavoces e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 27 de xullo de 2023,

De acordo co artigo 71 do RODC, previa declaración da urxencia, PROPOÑO AO PLENO a adopción do seguinte acordo:

"A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ao cuarto mes de 2025 celebrarase o luns, 5 de maio de 2025, a partir das doce horas".

Sr. Presidente

Actuacións de control. Hai unha moción presentada polo Grupo PSdeG-PSOE.



Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE relativa á condonación da débeda das comunidades autónomas co Goberno do Estado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sobreendebedamento que viven hoxe as comunidades autónomas ten a súa orixe na política irresponsable de financiamento e recortes dos gobernos do Partido Popular durante as anteriores lexislaturas. Durante eses anos, o PP implementou unha política de austeridade, que lonxe de garantir a estabilidade económica das comunidades autónomas, provocou un endebedamento e un colapso financeiro. A falta de planificación e a incapacidade de ofrecer un novo modelo de financiamento derivou nunha situación de vulnerabilidade fiscal, obrigando ás comunidades autónomas a endebedarse de forma desmedida para poder manter os servizos públicos de saúde, educación e servizos sociais.

Esta situación complicouse polo incumprimento da reforma do sistema de financiamento autonómico que prometeu o Partido Popular. En lugar de expor unha solución razoable e que se achegase á realidade económica de cada comunidade autónoma, o PP optou pola paralización dos mecanismos de financiamento. Isto xerou graves desigualdades territoriais e deixou a gobernos autonómicos sen opcións para xestionar os seus recursos de maneira eficiente. Como resultado, as comunidades autónomas con menor capacidade económica víronse obrigadas a recorrer a un sobreendebedamento que supón unha carga desproporcionada sobre as súas arcas públicas.

Desde o goberno do Estado tomouse a iniciativa de corrixir este desequilibrio mediante a condonación parcial da débeda naquelas comunidades autónomas en réxime común a través do Consello de Política Fiscal e Financeira. A necesidade de aliviar a carga financeira das comunidades autónomas e garantir á súa vez que os recursos públicos sexan destinados a reforzar a sanidade pública, a educación pública e os servizos sociais, en lugar de quedar condenados no pago de intereses e a amortización dunha débeda que foi xerada pola xestión deficiente do Partido Popular.

A condonación da débeda que se presentou é un acto de xustiza fiscal coa cohesión territorial e a autonomía económica das comunidades autónomas. Esta medida forma parte dunha estratexia para mellorar o financiamento das comunidades autónomas e os servizos públicos, do mesmo xeito que os 300.000 millóns máis que recibiron as comunidades autónomas nos últimos sete anos.

Estas medidas achegan aos gobernos autonómicos a recuperar a súa capacidade de investimento, facilitando así o desenvolvemento de infraestruturas, modernizando os sistemas públicos de sanidade e a mellora e a calidade da educación pública. Ademais, esta iniciativa enmárcase nunha reforma máis ampla que busca consolidar un modelo de financiamento que potencie e mellore a xustiza social.

Con todo, a pesar da transcendencia desta medida, o Partido Popular volveu a mostrar a súa falta de compromiso. A decisión de abandonar a mesa do Consello de Política Fiscal e Financeira no momento da aprobación da condonación da débeda demostra a súa irresponsabilidade sistemática a participar en solucións que benefician ás cidadás e cidadáns dos nosos municipios. Con este xesto, o PP non só rexeitou unha política de Estado baseada no principio de solidariedade e a cohesión territorial, senón que demostrou de novo, que prioriza os seus intereses partidistas por encima dos veciños e veciñas dos nosos municipios.



En conclusión, a condonación da débeda das comunidades autónomas é unha medida imprescindible para garantir o fortalecemento do noso Estado de benestar e axudar desta forma a reducir as desigualdades entre as comunidades autónomas. Os servizos públicos deben ser o obxecto directo desta condonación parcial da débeda autonómica e debe facerse mediante a reparación, investimento e modernización dos servizos sociais, a educación e a sanidade pública.

Por todo o exposto preséntase, para a súa aprobación, os seguintes

ACORDOS:

1. O Pleno da Deputación Provincial da Coruña insta á Xunta de Galicia a aceptar a condonación da débeda proposta polo Goberno de España o pasado día 26 de febreiro de 2025 no Consello de Política Fiscal e Financeira, garantindo que a débeda se destinará á mellora dos servizos públicos de sanidade, educación e servizos sociais.
2. O Pleno da Deputación Provincial da Coruña insta á Xunta de Galicia a que estableza un mecanismo de seguimento e transparencia ad hoc para asegurar que os recursos derivados desta condonación parcial da débeda teñan un impacto directo e positivo no financiamento local, os servizos públicos e no investimento nos municipios.
3. Dar traslado deste acordo á Presidencia da Xunta de Galicia, á Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia, á Federación de Municipios e Provincias e ao Goberno de España.

Sr. Fernández Piñeiro

Procedo a dar lectura.

O sobreendebedamento que viven hoxe as comunidades autónomas ten a súa orixe na política irresponsable de financiamento e recortes dos gobernos do Partido Popular durante as anteriores lexislaturas. Durante eses anos, o PP implementou unha política de austeridade que, lonxe de garantir a estabilidade económica das comunidades autónomas, provocou un endebedamento e un colapso financeiro.

A falta de planificación e a incapacidade de ofrecer un novo modelo de financiamento derivou nunha situación de vulnerabilidade fiscal, obrigando as comunidades autónomas a endebedarse de forma desmedida para poder manter os servizos públicos de saúde, educación e servizos sociais.

Esta situación complicouse polo incumprimento da reforma do sistema de financiamento autonómico que prometeu o Partido Popular, en lugar de expor unha solución razoable e que se achegase á realidade económica de cada comunidade autónoma, o PP optou pola paralización dos mecanismos de financiamento. Isto xerou graves desigualdades territoriais e deixou a gobernos autonómicos sen opcións para xestionar os seus recursos de maneira eficiente. Como resultado, as comunidades autónomas con menor capacidade económica víronse obrigadas a recorrer ao sobreendebedamento, que supón unha carga desproporcionada sobre as súas arcas públicas.

Desde o Goberno do Estado tomouse a iniciativa de corrixir este desequilibrio mediante a condonación parcial da débeda naquelas comunidades autónomas en réxime



común, a través do Consello de Política Fiscal e Financeira. A necesidade de aliviar a carga financeira das comunidades autónomas e garantir, á súa vez, que os recursos públicos sexan destinados a reforzar a sanidade pública, a educación pública e os servizos sociais en lugar de quedar condenados no pago de xuros de mora e amortización dunha débeda que foi xerada pola xestión deficiente do Partido Popular. A condonación da débeda que se presentou é un acto de xustiza fiscal coa cohesión territorial e autonomía económica das comunidades autónomas. Esta medida forma parte dunha estratexia para mellorar o financiamento das comunidades autónomas e os servizos públicos, do mesmo xeito que os 300.000 millóns máis que recibiron as comunidades autónomas nos últimos 7 anos.

Estas medidas achegan os gobernos autonómicos a recuperar a súa capacidade de investimento, facilitando así o desenvolvemento de infraestruturas, modernizando os sistemas públicos de sanidade, a mellora e a calidade da educación pública. Ademais, esta iniciativa enmárcase nunha reforma máis ampla que busca consolidar un modelo de financiamento que potencie e mellore a xustiza social.

Con todo, a pesar da transcendencia desta medida, o Partido Popular volveu mostrar a súa falta de compromiso. A decisión de abandonar a Mesa do Consello de Política Fiscal e Financeira no momento de aprobación da condonación da débeda demostra a súa irresponsabilidade sistemática a participar en solucións que benefician a cidadáns e cidadás dos nosos municipios. Con este xesto, o PP non só rexeitou unha política de Estado baseada no principio de solidariedade e cohesión territorial, senón que demostrou de novo que prioriza os seus intereses partidistas por riba dos veciños e as veciñas dos nosos municipios.

En conclusión, a condonación da débeda das comunidades autónomas é unha medida imprescindible para garantir o fortalecemento do noso Estado de benestar e axudar, desta forma, a reducir as desigualdades entre as comunidades autónomas. Os servizos públicos deben ser obxecto directo desta condonación parcial da débeda autonómica e debe facerse mediante a reparación, investimento e modernización dos servizos sociais, a educación e a sanidade pública.

Por todo o exposto, preséntanse para a súa aprobación os seguintes acordos:

1.º- O Pleno da Deputación Provincial da Coruña insta a Xunta de Galicia a aceptar a condonación da débeda proposta polo Goberno de España o pasado día 26 de febreiro de 2025 no Consello de Política Fiscal e Financeira, garantindo que a débeda se destinará á mellora dos servizos públicos de sanidade, educación e servizos sociais.

2.º- O Pleno da Deputación Provincial da Coruña insta a Xunta de Galicia a que estableza un mecanismo de seguimento e transparencia ad hoc para asegurar que os recursos derivados desta condonación parcial da débeda teñan un impacto directo e positivo no financiamento local, os servizos públicos en investimento nos municipios.

3.º- Dar traslado deste acordo á Presidencia da Xunta de Galicia, á Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia, á Federación Galega de Municipios e Provincias e ao Goberno de España.

Ben, como reza na exposición de motivos desta moción, loxicamente facemos esta proposta ao Pleno entendendo que a condenación desa débeda é positiva, loxicamente, para a nosa autonomía, porque permitirá á Xunta de Galicia dispoñer de moitos máis recursos económicos para mellorar a prestación e garantir servizos básicos, ademais de tamén mellorar o financiamento, como ben di nun dos puntos dos acordos,



dos municipios. Polo tanto, entendemos que sería lóxico, como calquera de nós no ámbito privado se temos algunha débeda, algún préstamo, algunha hipoteca, se a entidade bancaria se pon en contacto con nós para condonala, pois que aceptemos, porque o contrario sería moi difícil de explicar e, polo tanto, agardo con impaciencia escoitar os argumentos do resto de grupos desta Corporación a favor ou en contra desta proposta que hoxe traemos a Pleno.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Veira González

Moitas grazas, moi bo día a todas e a todos.

En primeiro lugar, desde o BNG queremos anunciar que imos votar a favor desta moción, mais queremos puntualizar unha cuestión a respecto da redacción e do contido da moción que imos debater e que se acaba de expoñer.

A primeira é que, se se está a falar da condonación da débeda a Galiza, é porque precisamente o Bloque Nacionalista Galego foi quen lle exixiu ao Partido Socialista que esta cuestión se incluíse no acordo de investidura en 2023. Esa é a razón porque, se o BNG non o chega a reclamar, estaríamos nun escenario ben distinto, porque a realidade é que naquel momento outra organización política, doutra nación do Estado puxera esta cuestión enriba da mesa, e nós que dixemos?, que dixo o BNG?: Galiza non pode quedar atrás. Foi o BNG, polo tanto, quen puxo por diante, como sempre fai, os intereses de Galiza, os intereses de Galiza sempre en primeiro termo. É dicir, se ía haber condonación a outras comunidades autónomas, Galiza non podía ser menos. Polo tanto, non foi unha proposta do Partido Socialista feita *motu proprio*, non foi; foi porque o BNG o exixiu a cambio da investidura, de votar a favor da investidura de Pedro Sánchez, como tantas outras cuestións: a mellora nas estradas estatais en Galiza, a cuestión da transferencia da AP-9, a cuestión das bonificacións na propia AP-9, a cuestión da condonación da débeda no Porto da Coruña, as cuestións relativas a infraestruturas ferroviarias no noso país, etc. etc. Tantas e tantas cuestións que puxemos enriba da mesa e que non puxo outra organización política e que, desde logo, xa sabemos o que acontece coas organizacións políticas estatais cando están no Goberno e cando están na oposición do Estado. A posición que nunca se move é a do BNG, que é a de sempre: defender os intereses de Galiza.

E, desde logo, claro, tampouco foi proposta, se non foi *motu proprio* do Partido Socialista, tampouco foi unha proposta precisamente do Goberno galego, que agora xa demostrou definitivamente cal é a súa estratexia, cal é a súa táctica, que é a de seguir os pasos que lle marca Génova, seguir os pasos que lle marca Feijóo e, desde logo, non atender as necesidades de Galiza. É puro tacticismo partidista o que segue o señor Rueda. Non lle interesan en absoluto os problemas que viven cada día as galegas e os galegos. É absolutamente lamentábel que o Goberno galego renuncie a ter 4.000 millóns de euros de liquidez, de maior liquidez, de maiores recursos para atender os problemas das galegas e dos galegos, é absolutamente lamentábel e non hai un galego, non hai unha galega, que o poida entender.

Miren, é imposíbel de entender que, cando en Galiza morre cada día unha persoa sen lle ser atendida –nunca mellor dito– a súa solicitude para que se atenda a súa situación de dependencia, unha persoa cada día morre en Galiza –volvo repetir– sen que se lle responda a súa solicitude de atención á dependencia, a vostedes sóbranlles 4.000 millóns de euros. Mentres en Galiza hai 11.000 nenos e nenas que non teñen pediatra e 190 concellos que non teñen atención á pediatría, ao Partido Popular de Rueda, á Xunta



de Galiza sóbralle 4.000 millóns de euros. Mentres temos un colapso de 15.000 persoas no rexistro de demandantes de vivenda protexida, ao Partido Popular sóbralle 4.000 millóns de euros. Cantas vivendas se poderían facer para atender todo o problema que temos de dereito á vivenda no noso país con 4.000 millóns de euros? Cantos PT, cantos AL, canta atención á diversidade se podería implementar nos colexios públicos de Galiza con 4.000 millóns de euros? Podían contestar todo o que se podía facer con 4.000 millóns de euros; podían atender as infraestruturas escolares para que, cando veñen os restos dos furacáns, non voen os tellados, por exemplo; poderían financiar mellor os concellos do noso país. Nós non nos fartamos de dicir que Galiza, a Comunidade Autónoma de Galiza, o Goberno do señor Rueda, a Xunta de Galiza, en mans do Partido Popular, financia 313 concellos con 168 millóns de euros a través do Fondo de Cooperación Local, mentres esta Deputación financia 93 concellos con practicamente 125 millóns de euros a través do POS.

Miren, vostedes non están na Xunta de Galiza para atender os problemas das galegas e dos galegos porque, se non, collerían estes 4.000 millóns de euros, vai, voando, se lles interesasen os problemas das galegas e dos galegos. O que pasa é que vostedes están na Xunta de Galiza para defender os intereses duns poucos, dunhas minorías, das grandes empresas. Por certo, grandes empresas cuxos consellos de administración ás veces é moi difícil de distinguir da listaxe de anteriores conselleiros da Xunta de Galiza, porque teñen vostedes unhas portas xiratorias moi sospeitosas, como está acontecendo agora mesmo co tema de Altri. Vostedes non están para atender os problemas das galegas e dos galegos, estano demostrando con esta cuestión. Están para precisamente defender os intereses duns poucos, porque mentres renuncian a 4.000 millóns de euros, están clamando por aí en cada esquina e en cada momento, a cada segundo que teñen un micro diante, 350 millóns de euros para unha empresa privada. Estas son as prioridades do Partido Popular.

E só unha última cuestión: está moi ben que fale o voceiro do Partido Popular de diálogo e de reclamarlle ao Goberno da Deputación diálogo, e que se traian aquí as cousas por consenso, etc. Estaría ben que se aplicasen iso vostedes, porque cando vostedes, o Partido Popular, porque teñen maioría absoluta no Parlamento de Galiza e acaban de cambiar a lei da CRTVG para nomear precisamente o presidente da CRTVG... si, si, si, o director da CRTVG sen necesidade de consensualo co resto do Parlamento de Galiza. Están vostedes para falar de diálogo!

Sr. Lorenzo Torres

Buenos días a todas y a todos. Gracias, presidente, por darme la palabra.

La verdad es que les he escuchado atentamente. Y, señor Fernández, la verdad, me quedé muy sorprendido, porque yo, que le hago seguimiento de sus intervenciones, veo que hoy usted se limitó a leer la moción. Se limitó a leer esta moción sin emoción ninguna y sin argumentarla, únicamente leerla, porque me daba la sensación de que usted no se estaba creyendo ni siquiera lo que leía. Y yo creo que, si hay algo que cambia día a día en la vida política española o en la vida de los españoles, mejor dicho, es la política, porque tenemos un Gobierno que cada día es una aventura y cada día es un sobresalto.

Hoy usted nos trae aquí esta moción para hablar de esta falacia, de esta mentira que es la condonación de una deuda, que usted sabe tan bien como yo que eso no es real. Cuando a lo mejor teníamos que estar hablando de otros temas que sí preocupan verdaderamente a los gallegos y que sí preocupan a todos los españoles, como por ejemplo le podíamos estar hablando o pidiendo al Gobierno central que cumpliera el



mandato constitucional el señor Pedro Sánchez de presentar unos presupuestos, unos presupuestos en las Cortes Generales, en el Parlamento, que creo que es importante, porque hay muchísimas inversiones en esta ciudad, y muchísimas inversiones en esta provincia, que están paralizadas por esa falta de presupuestos que son del año 2023, que ustedes en su día pactaron con otros socios de Gobierno de Podemos, que ayer incluso la señora Belarra en el Parlamento les tildaba a ustedes de sinvergüenzas. Decía, bueno, más bien decía que era una vergüenza a dónde había llegado el Partido Socialista. Estos son los presupuestos que se aplican ahora en España, los que sus socios de gobierno ahora les denuncian a ustedes de la falta de vergüenza a dónde están llevando este país. O a lo mejor teníamos que estar hablando de un tema que también preocupa mucho a las comunidades autónomas, que es la liquidez, los fondos que nos tenía que transmitir el Gobierno, que están unidos a los presupuestos y que por ahora no se están transmitiendo, y eso produce una deuda todos los meses de muchos millones de euros a las comunidades autónomas para financiar los servicios.

Pero, bueno, vamos a entrar en un poco en el fondo del asunto. Entiendo que usted bajo ningún concepto se planteó en ningún momento que el Partido Popular pudiera aprobar esta moción, porque se pasó usted en su lectura echándole las culpas de todo a lo que estaba pasando al Partido Popular. Y le voy a recordar varias cosas. Cuando el Partido Popular accedió al Gobierno, al Gobierno central, después de la era Zapatero, nos encontramos con una crisis económica tremenda, con cantidad de facturas sin pagar, con las arcas del Estado mermadas. Incluso estuvimos a punto de ser intervenidos por la Unión Europea. Fueron momentos muy difíciles en este país que hubo que aplicar políticas duras, no cabe duda, pero al menos para salvar la intervención; evitamos lo que le pasó a Portugal, evitamos lo que le pasó a Grecia, se acuerdan ustedes que tenían que pagar por ir a la sanidad pública? Incluso descontaron un 50% a los pensionistas para recuperarse. España, gracias a Dios, a un Gobierno serio de Mariano Rajoy, evitó todo eso que pasó a los países colindantes. Pero también se tomaron medidas respecto a la financiación. Se tomaron medidas extraordinarias y se consiguió que las comunidades autónomas ahorraran casi 12.000 millones de euros en intereses. Se consiguió, por otro lado, que se hiciera un plan de pago a proveedores que llevaban meses y meses sin cobrar. Y también se hizo un plan para aquellas comunidades autónomas deficitarias que debían al Estado, pues pudieran pagar en plazos más cómodos.

Por lo tanto, sí se hicieron cosas, y también se intentó, no cabe duda, se intentó cambiar la financiación. Yo creo que el problema de la deuda que tienen las comunidades autónomas es el tema de la financiación, que hay que superarlo, y en eso estamos todos de acuerdo, y el Partido Popular en aquel momento, yo creo recordar, en el año 2017, empezó a tomar medidas, incluso se crearon conferencias entre todos los presidentes de comunidades autónomas para cambiar la financiación de las autonomías. Vino en aquel momento, se aprobó el presupuesto, vino la moción de censura, yo estaba allí, yo estaba allí y fui un testigo presencial de los hechos, era de aquella parlamentario y aún recuerdo las palabras del señor Ábalos de todo lo que hablaba de la corrupción y, como diría *miña avoa: falou quen a casa honrou*, porque menuda deriva ha tomado este señor, que en su día, ya digo, defendía la moción de censura acusando de la corrupción y vamos a ver en el lugar en el que se encuentra en estos momentos.

Pero, bien, ya digo, tras la moción de censura, el Partido Socialista asumió el Gobierno de España y de esto han pasado 7 años, creo recordar. Entonces, mi primera pregunta que yo le hago al señor Fernández es: ¿qué han hecho ustedes en estos 7 años para cambiar la financiación autonómica? Porque no han hecho nada, no han hecho nada. Por lo tanto, parte de su argumentación que nos ha leído en esa moción decae por su propio peso.



Pero vamos a hablar un poco también de esa mentira, de esa falacia que es hablar de condonación de una deuda. Ustedes son muy expertos, muy expertos en cambiar el relato, en cambiar el sentido de las palabras. Yo el martes estaba viendo al presidente del Gobierno, Pedro Sánchez, cómo tuvo una intervención hablando de la necesidad de financiación que tenemos que poner por el tema de la guerra, por la posibilidad de que haya, de defensa, mejor dicho, y que hay que armarse, porque en estos momentos el Tío Sam nos ha abandonado y Europa tiene que rearmarse, y hay un proyecto de la Unión Europea de invertir más de 800.000 millones de euros en armamento. Y vi –la verdad es que en esas cosas me fijo mucho– cómo el señor Pedro Sánchez en ningún momento habló de armarse, sino que hablaba siempre de seguridad.

Aquí pasa un poco lo mismo, son esos eufemismos que utilizan ustedes. Hablan de condonación de una deuda, incluso en tono casero. Es como si nos dan una hipoteca y nos viene el banco y nos dice que nos va a rebajar la hipoteca y decimos que no. Miren, todo lo que están diciendo ustedes no es cierto, es mentira. Aquí no hay ninguna condonación de ninguna deuda, eh. Aquí los españoles seguimos teniendo una deuda, porque esa deuda se paga –si ustedes no lo saben, yo se lo recuerdo– con los impuestos de todos los españoles. Aquí lo único que se cambia es que antes la deuda la tenía una comunidad autónoma y ahora la deuda la tiene el Estado, pero el españolito de a pie, el españolito de a pie, sigue debiendo lo mismo. Es verdad que los gallegos ahora debemos un poquito más de lo que debíamos.

Y, mire, señora Veira, nosotros estamos en la Xunta ¿sabe por qué?, porque nos vota la gente, sí, nos vota la gente. Nos han votado 5 veces, 5 veces seguidas, tenemos 5. Ya le digo, no sea usted más lista que la gente. Si la gente cuando vota al Partido Popular es por algo, con lo cual nosotros estamos colocados en la Xunta para gobernar porque los gallegos confiaron en nosotros. Y le voy a dar otro dato, otro dato: yo no sé para qué sirve el voto del Bloque Nacionalista Galego en Madrid, porque no ha servido para nada para esta comunidad autónoma. Pero nadie nos va a dar 4.000 millones de euros, eh. No engañe usted a la gente, no engañe usted a nadie. Aquí no se nos van a dar 4.000 millones de euros, aquí lo único que se va a hacer es cambiar el acreedor, que pasa para el Estado, pero aquí no nos van a decir: tomen ustedes 4.000 millones, hagan lo que quieran. Porque además con estos 4.000 millones, que es otra de las mentiras, que es otra de las falacias que ustedes están utilizando, va a suponer que se van a pagar menos intereses, pero existe deuda y existen intereses, y esos 4.000 millones, han dicho los expertos, los expertos independientes, que no se pueden gastar y que no es cierto que se vayan a invertir en educación, en sanidad o en bienestar social. Lo único que tenemos ahora para acceder a los mercados para negociar la deuda es una postura mejor o más positiva. Pero no se olvide, aquí nadie nos va a dar 4.000 millones. Esa es la mayor mentira y la mayor falacia que ustedes están cometiendo.

Pero, ¿por qué se debe a esto? Hombre, yo, señora Veira, cuando le escuchaba a usted que todo esto era porque el Bloque Nacionalista Gallego hacía presión, de verdad que flipé. Mire, seamos serios, seamos serios. Esto se debe única y exclusivamente a que hay un acuerdo entre un señor que quiere permanecer en el poder a toda costa, porque no gobierna, y prueba de que no gobierna es que no es capaz de presentar unos presupuestos o prueba de que no gobierna es que más de 100 temas que se han llevado al Parlamento, de 100 propuestas las ha perdido y no gobierna, solo le interesa mantenerse en el poder, ha pactado con Dios y con el diablo, un día pacta con ERC, otro día pata con Junts. Por cierto, cuando yo le escucho ese Gobierno de progreso y veo ahí a Junts, digo: flipo, porque más de derechas que ninguno y más xenófobo que ninguno, eh, pero ustedes, aun así, le llaman pacto de progreso. Entonces eso es única y exclusivamente, ustedes aquí no pintan nada, ustedes en Madrid no pintan nada ni han conseguido nada para Galicia. Su diputado no nos ha servido para nada. Pero es cierto,



pero es cierto que el independentismo, el insaciable independentismo que sigue pidiendo y pidiendo, porque sabe que hay un señor que no quiere gobernar, sino solo quiere mantenerse en el poder a toda costa, ese insaciable independentismo cada vez sube un escalón más. Y se habían comprometido a darle 15.000 millones, 15.000 millones de rebajarle de la deuda, eh, no de dárselos; al final 17.000. Claro, era un descaro y una vergüenza que solo se lo dieran a los catalanes. Eso era el descaro y la vergüenza. Entonces lo vamos a disfrazar y vamos a decir que vamos a regalar 83.000 millones a las comunidades autónomas y lo vamos a repartir y a Cataluña le tocan 17.000 y a Galicia 4.000. Aun por encima premiando, premiando a las comunidades autónomas que más dinero reciben del Estado y que peor lo han malgastado, porque aquí a la comunidad autónoma que fiscalmente se está comportando bien la castigan. Y aquí se favorece al que dilapidó el dinero en embajadas en el extranjero, en el independentismo, en un referéndum que todos hemos visto, incluso levantarse contra el Estado. Eso es lo que está ahora financiando el Partido Socialista condonando esta deuda, 18.000 millones de euros frente a los 4.000 de Galicia. Entonces, no nos engañemos, no nos engañemos, esto es un pacto de trileros, un pacto de trileros; así de claro se lo digo, con unos independentistas que solo, solo, solo están ahí manteniendo un señor que lo único que le interesa no es España, no es el bienestar de los españoles, sino estar en La Moncloa. Y esto es claro.

Y, ya digo, la tercera falacia o mentira, esto que están diciendo de que se va a utilizar para el pago, o para financiar educación, sanidad y servicios sociales, como ya les dije, y todos los que saben de estos temas económicos que a veces son tremendamente complicados, no vale para eso, no vale para eso, porque el dinero no se va a entregar. Únicamente en elementos contables va aparecer menos deuda, va aparecer menos deuda. Ya digo, esto es una realidad en la que nos movemos, esto es la desgracia que tiene este país de tener un Gobierno de perdedores, un Gobierno por un Partido Socialista que ya nadie reconoce, que ya nadie reconoce, con un señor Pedro Sánchez al que todo le vale, todo le vale, y esto es una prueba más de que es un Gobierno débil, de que es un Gobierno débil, de que es un Gobierno que, si tuviera un poco de ética y tuviera un poco de respeto y un poco de dignidad, dimitiría, dimitiría y convocaría elecciones. Porque, ya digo, la ley más importante, que es la ley de presupuestos, no son capaces de sacarla.

Y termino ya, porque no quiero ser pesado, termino ya diciéndole por qué no vamos a votar a favor de esto. Primero, porque todo es una mentira, porque todo es una falacia, porque todo esto es una estafa, todo esto es una estafa a los españoles. Ya digo, al final el españolito de a pie seguimos debiendo lo mismo. Lo que pasa es que ahora cambia, ahora cambia. Antes cada gallego debíamos 1.477 € y con este perdón de la deuda ahora cada gallego le debe a España 1.696 €. Esta es la realidad en la que nos movemos. Esta es la condonación de la deuda, esta es la estafa que ustedes nos quieren hacer. Esto es la mentira que ustedes nos quieren convencer. Esta es la falacia que utilizan todos los días. Esos son los argumentos engañando a la gente. Y, ya digo, nosotros no vamos a participar de eso. Muchísimas gracias por su atención.

Sr. Presidente

Ben, imos abrir a quenda de réplica. Eu espero que sexan máis breves, porque xa tamén é un eufemismo, nunhas intervencións tan longas, non? Entón, tres minutos por cada grupo.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi ben, señor Lorenzo. Di vostede que segue con atención as miñas



intervencións. Ben, pois con moita atención non as seguirá, porque, se se fixa vostede, cando nós presentamos unha moción pouco máis fago que lela, nunca fago ningún tipo de argumentación a maiores, fágoa despois, despois de escoitar o resto de grupos. A verdade é que non esperaba outra cousa do seu discurso. Pero é verdade que adoce moito de dicir unha cousa e a contraria. É curioso que o principal argumento sexa que esta débeda se lle condona a Galicia, pero que a imos ter igual porque a vai asumir o Estado. Ben, entón deámoslle a volta ao argumento; daquela para que vai transferir o Estado fondos e recursos a Galicia a través dun novo sistema de financiamento autonómico se os cartos seguen estando no Estado e, polo tanto, seguen saíndo dos petos dos cidadáns. Se os cidadáns están representados polo Goberno do Estado, para que transferirle nada á autonomía? Está ben como está. Porque, se o argumento vale para que a débeda siga estando, digamos, soportada polos cidadáns, porque a vai asumir o Estado, pois fagamos a mesma aplicación do mesmo criterio para o reparto dos recursos públicos. É unha auténtica barbaridade e que non convence a ninguén, que non convence absolutamente a ninguén, porque o feito de que o Estado condone eses cartos quere dicir que Galicia vai ter 4.000 millóns de euros máis para poder investir, esa é a diferenza. E di: non, é que a vai soportar cada español, cada español; a min non me van quitar nada do salario e a vostede tampouco para pagar esa débeda. Vaina soportar o Estado e Galicia vai ter 4.000 millóns de euros máis para poder gastar, do mesmo modo que cando esta Deputación prestaba recursos aos concellos a través do PAI os concellos acollíanse, pedían ese préstamo pero asumíao a Deputación, e ninguén dixo: non, eu non o pido porque, como o asume a Deputación, ao final tamén o están asumindo os meus veciños. Home o argumento parece bastante pouco pobre.

E despois que diga vostede que este Goberno é un Goberno de perdedores, que é o peor Goberno da historia, que este presidente só quere estar gobernando pois por ter un sillón, home, non sei, será de perdedores, pero dende logo a economía está mellor que cando estaban vostedes, xérase máis emprego que cando estaban vostedes. Subimos o salario mínimo interprofesional, subiron as pensións. Home, non sei, se este é tan malo e é de perdedores con todo isto, como sería o que estaba antes? Sería penoso, porque con vostedes as pensións eran máis baixas, por certo, se subían, xa sabemos como se subían, non tiña nada que ver co IPC. O salario mínimo estaba como estaba, os dereitos laborais dos traballadores estaban como estaban, había moitísimo máis paro, porque aínda por riba agora xérase emprego e emprego de calidade grazas a unha reforma laboral que veu substituír a que aprobaron vostedes. Por tanto, calquera dato económico –que iso sempre se lle escapa ao Partido Popular porque non lle interesa falar diso– que poidamos comparar coa súa etapa está moito mellor. Bueno, pois daquela, se somos tan malos, iso non llo discuto, pero vostedes eran moito peores.

E fala vostede de que iso o fai para estar no sillón, vostede, ben pois non sei, en tal caso igual o que fixo Pedro Sánchez foi tirar do manual de estilo do señor Aznar. E podemos recordar cando Aznar non sacou maioría absoluta o que tivo que pactar con Convergència i Unió, que foi cederlle o 30% da recadación do IRPF, cedeulle as competencias en recadación do imposto de sucesións, de patrimonio, de doazóns e do xogo, desaparición da Garda Civil de Tráfico de Cataluña, desaparición dos gobernadores civís, transferencia da xestión dos portos ás autonomías, a Xunta de Galicia nomea o presidente do porto, Autoridade Portuaria de Ferrol ou da Coruña, porque no pacto con Convergència i Unió do señor Aznar cedeulle esa competencia que era do Estado a Cataluña; non sei como non renuncian vostedes a ela, que son tan españoлисты. E como iso podía seguir con ese relatorio durante moito máis tempo. A cesión das políticas en materia de emprego e de formación profesional, a xestión directa, como acabo de dicir, dos portos; é dicir, todo iso foron cuestións que vostedes cederon aos mesmos nacionalistas que antes era Convergència e agora se chaman Junts, eran os mesmos, exactamente os mesmos. Pero, claro, cando o fan vostedes para estar vostedes



gobernando, pódese facer; cando o fan os demais, non. E iso de que vén tamén?, vén un pouco desa carencia que teñen vostedes democrática. Primeiro, que se pensan que só vostedes teñen dereito a estar nas administracións. Segundo, que vostedes non entenden que estamos nun sistema democrático no que non goberna o máis votado, goberna o que ten máis apoios parlamentarios. Vostedes non os teñen, pois asúmanos. Loxicamente hai un Goberno en minoría que ten que chegar a acordos para poder gobernar, como hai moitos alcaldes en minoría do Partido Popular que gobernan en coalición nesta provincia. Son gobernos de perdedores tamén? Chegan a acordo con outras formacións políticas para poder ter a alcaldía? Se quere pódolle poñer A Serra de Outes, onde acaban de pactar vostedes cun tráfuga do Partido Socialista para ter a alcaldía. E como iso podíamos seguir, é dicir, por que aplican unha cousa cando son os demais e non se aplica a mesma cando son vostedes? Cando gaña a señora Ayuso a primeira vez en Madrid, que non foi a lista máis votada, era un Goberno de perdedores? Cando gaña o señor Moreno Bonilla en Andalucía e non era a lista máis votada, tamén era un Goberno de perdedores? Eu penso que é importante que sexamos un pouco máis serios cando argumentamos, sobre todo porque os que estamos aquí temos memoria e, se non temos memoria, está Google aquí para buscar os datos, que estas que lles acabo de dar son cuestións que non estou inventando eu, senón que son cuestións que calquera de nós pode comprobar.

E despois que fale vostede do mandato constitucional, está o Partido Popular para dar leccións de cumprimento de mandatos constitucionais, vostedes que incumpriron un mandato que era renovar os órganos de dirección do Poder Xudicial durante anos para ter o control deses órganos, incumprindo un mandato constitucional, e vénnos aquí dar leccións non sei de que. Bueno, pois é unha cousa bastante curiosa.

E di vostede que se pacta con Dios y con el diablo; non, páctase con partidos democráticos que foron elixidos polos cidadáns, gustarannos máis ou gustarannos menos. E di vostede que Junts es la derecha; ben os que pactan coa extrema dereita neste país, que branquea o franquismo, unha ditadura asasina; os que pactan con aqueles que adoptan medidas contra a inmigración totalmente en contra xa vou dicir, como pouco, dos dereitos humanos; vostedes que pactan con aqueles que negan o cambio climático e contra as medidas precisamente medioambientais para evitar cousas como as que pasaron en Valencia. Vostedes dinnos a nós que pactamos; non, nós non pactamos, nós temos unha xente que apoia o Goberno en determinadas cuestións nun arco parlamentario, como ás veces o Partido Popular tamén vota a favor. Que pasa?, se vota Junts son os socios do Goberno, pero cando o PP vota co goberno –que ten votado algunha cousa– non son socios do Goberno? Tamén van decidir vostedes quen é socio e que non é socio do Goberno. Co cal, penso que a súa argumentación, como digo, carece do máis mínimo peso. É como unha pluma que a leva o vento e que efectivamente iso lémbreme moito cal é a posición do Partido Popular, que a leva o vento dependendo de cara a onde sopra en base aos seus intereses vai para un lado ou vai para o outro, pero dende logo aos que estamos aquí e a moitos dos que nos escoitan xa lle digo eu que non nos vai enganar.

Sra. Veira González

Si, vou comezar polo final da súa intervención, señor Lorenzo, porque falaba vostede dos acordos que ten o Partido Socialista con Junts e fala vostede de que Junts é xenófobo etc.; é igual de xenófobo cando pacta co Partido Socialista que cando Feijóo intenta construír unha maioría para facer unha moción de censura xunto con Vox?, é o mesmo Junts?, o mesmo xenófobo?, é Vox xenófobo?, están agora vostedes preocupados pola xenofobia ou polos problemas que hai hoxe en día sociais, precisamente relacionados coa xenofobia? Un pouquiño menos de hipocrísia con esta



cuestión.

A min o que me preocupa son os acordos do Partido Socialista co Bloque Nacionalista Galego, porque, miren, saben para que lles serven aos galegos e galegas os deputados do Partido Popular do Congreso dos Deputados?, para absolutamente nada, porque están baixo o pé da estratexia e da táctica de Xénova e do Partido Popular, e non teñen ningún tipo de liberdade para chegar a ningún tipo de acordo que beneficie a Galiza. Pero o representante no Congreso do Bloque Nacionalista Galego está aí para defender os intereses de Galiza sobre todas as cousas. Ese é o seu único compromiso, e iso vostedes non o poden dicir, porque vostedes votan contra Galiza en numerosas ocasións no Congreso dos Deputados e das Deputadas.

E, miren, eu pregunteille para quen goberna o Partido Popular, non por que; ata aí chego, ata aí chego, ata aí chegamos; xa sabemos por que gobernan, porque os vota a xente. Pero para quen gobernan? E sigo sostendo que vostedes gobernan para as grandes empresas, para as grandes corporacións, e que non gobernan para o interese xeral das galegas e dos galegos, e os feitos xa me remítin, nin dereito á vivenda, nin dereito á sanidade, nin dereito á educación, nin nada. Vostedes non gobernan para iso.

E unha última reflexión: a min gustaríame saber se ao Partido Popular non lle serve a condonación da débeda, cal é a alternativa do Partido Popular para que Galiza estea ben financiada, porque tampouco lle vale que Galiza teña a chave dos seus cartos, como propón o Bloque Nacionalista Galego, porque nós sabemos que a condonación da débeda non é a resposta ao problema de financiamento que ten Galiza, sabémolo, sabemos que simplemente é un balón de oxíxeno puntual. Que, por certo, son 4.000 millóns de euros por decisión da Xunta de Galiza, porque foi a Xunta de Galiza do Goberno do señor Feijóo quen decidiu acudir á débeda con entidades privadas e non ao fondo de liquidez autonómica. Por iso só temos 4.000 millóns de euros agora e outras comunidades autónomas teñen máis endebedamento co Estado, co fondo de liquidez autonómica. Porque aquí o que se decidiu foi endebedarse coas entidades privadas. Poden explicar, se queren, por que. Nada máis.

Sr. García Seoane

Non falei antes e vou agora na réplica. Vou ser moi curto. A min paréceme abraiante que a alguén que lle din que lle sufragan unha débeda diga que non quere os cartos. Claro, non os cartos líquidos, que iso é o que queren, para seguir empufando as administracións. Pero se che sacan... Xa quixeran os concellos de Galicia, que hai moitos endebedados, que o Estado lles dixera que lles sacaba as débedas, estou convencido de que non quedaría nin un só sen agarrarse a esa política. Por tanto, é dicir, estamos falando dunha situación política deteriorada, moi deteriorada no país, cada vez máis por parte dos partidos políticos, onde todo vale para eliminar o contrario ou para tombar o contrario. E non todo vale, non todo vale, e algúns pagarán seriamente ese tipo de políticas, porque esa serie de políticas ao que leva é a degradación total das administracións públicas gobernadas polos políticos. Iso tempo ao tempo e verase, como outras políticas que se fan e que están levando arreo votos cara a extrema dereita neste país por erros terroríficos, duns e doutros, pero máis duns que doutros, máis duns que doutros. Por tanto, é lamentable a situación.

Dicir que non se queren 4.000 millóns de euros para financiar esa débeda que ten Galicia e o argumento principal cal é?, que Cataluña leva 18.000 millóns de euros? Cataluña é Cataluña e Galicia é Galicia. Pero é que despois temos Andalucía, que lle dan 19.000 millóns de euros. Temos Valencia, que lle dan 16.000 millóns de euros. Se sumamos que neste momento o Partido Popular ten a maior parte das autonomías en



España, estamos falando de que leva a maior parte da torta, o 90% da torta lévano para estas comunidades. Por tanto, é grave, claro, máis importante, déame máis diñeiro; non, claro máis diñeiro para gastar e seguir empufando a Administración. Iso é o que o Estado non está facendo. Por tanto, a min paréceme moi grave a situación.

E simplemente por boicotear fálase de que algúns están na silla; na silla estiveron uns, están outros e todo dios quere estar na silla, todo dioss quere estar na silla, e o que non vale para estar na silla é atentar contra os intereses dos cidadáns españois. Iso é o que non vale, iso é o que non vale, e iso é o que se está facendo continuamente, boicoteando acordos simplemente, porque aquí hai un acordo do Goberno de España cun partido impresentable, cun delincuente que está ao fronte, que lle chaman, como lle chaman?, ao cerdo ese, xa sabedes a quen me refiro. Non me veu á memoria agora, como lle chaman, por favor? O presidente do partido ese de Cataluña, Puigdemont, ese cerdo político que ten a España en vilo continuamente, pero o PP aprotéase diso, e o PP fai leña, fai fogo con ese tipo de políticos noxentos que temos neste país. Pero, ben, xa chegará o día, hai un dito que di “todo cerdo tiene su San Martiño”. Seguro que algún día chegará.

E vou rematar. Non me chames a atención, que antes non falei e agora xa remato. Dicar que todo está aí, está para ver como se fastidia a un Goberno que non ten a maioría e que ten que estar pactando continuamente para levar o país. Por certo, cunha situación económica, como dixo antes o compañeiro do PSOE, mellor en todos os aspectos. Por tanto, non se pode seguir querendo degradar o país cando está..., España ten a mellor situación económica da comunidade europea no social, no político e en cincuenta mil cousas. Nada máis. Vou votar, indudablemente, favorable.

Sr. Presidente

Moitas grazas pola brevidade.

Sr. Lorenzo Torres

Gracias, presidente.

Bueno, yo me reafirmo un pouco en lo que ya he dicho antes. Lo que soy consciente es que ninguno de ustedes se cree el contenido de esta moción, porque en la réplica hablaron de todo menos de la defensa de la emoción. Porque, claro, cuando se parte de una gran mentira, como es decir y querer convencer que nos van a dar 4.000 millones, o que vamos a tener más de 4.000 millones para el presupuesto de Galicia, pues mire, qué quieren que les diga. Ustedes no se lo creen, ustedes son conscientes de que eso es un elemento contable, que hay una deuda, que, por supuesto, se va a rebajar esa deuda, pero eso no va a ser 4.000 millones más para Galicia, seguimos teniendo deuda y seguimos teniendo intereses. Es verdad que vamos a pagar menos intereses, pero ese pagar menos intereses no va a suponer que se financien, que se financien, ya digo, la educación, la sanidad o los servicios sociales.

Ustedes, como siempre, recurren a la memoria histórica, y hoy he oído aquí cosas que me han sonrojado mucho. Usted hablaba del señor Aznar, señor Fernández, cuando pactó con el señor Pujol. Al menos el señor Pujol no era un prófugo, no estaba condenado, en Waterloo y exiliado en Waterloo. ¿Me entiende? Esa es una gran diferencia. La segunda diferencia es que el señor Aznar había sido el partido más votado, cosa que no es el señor Pedro Sánchez, que no fue el partido más votado. Y, tercero, hablaba usted y decía que si el PP pactaba con gente que defendía dictaduras asesinas, ¿y ustedes pactando con Bildu?, que defienden aquellos que iban con el tiro en la nuca



matando gente, que nunca, nunca pidieron perdón por todo eso. ¿Eso no le sonroja?, ¿eso no le pone colorado?, que incluso ahora quieren quitar de las escuelas que se estudie aquellos momentos que vio este país con el terrorismo de ETA. Con esos son los que están pactando ustedes, con los que en su día mataban a gente con un tiro en la nuca y no han pedido perdón, y con gente delincuente condenados por los tribunales que se levantaron contra este país y que algunos están en el exilio, fugados, fugados, a expensas de la justicia española. Y con esos son los que hablan. Y el otro día, cuando veíamos la foto de sus dos socios de gobierno sentados en Waterloo, daba sonrojo, daba sonrojo por no decir asco. Y eso son la gente que ustedes apoyan y a la gente que están todo el día dándole prebendas solo y exclusivamente por quedarse en el poder. Que gobernar no lo están haciendo, gobernar no lo están haciendo, ya he dicho. Por lo de pronto, no tienen ni siquiera presupuesto.

Y señora Veira, perdone que le diga, nosotros no votamos contra Galicia. Son los españoles y los gallegos los que nos votan para que los representemos en el Parlamento, y nos siguen votando y nos siguen votando. Entonces no se equivoque, esta es la democracia. Entonces, cuando los números, que están ahí y son reales, no cambie usted el mensaje. Ustedes tienen un diputado y nosotros tenemos los que tenemos, porque la gente sigue confiando en el Partido Popular. Ya le digo, la gente sigue confiando en nuestras políticas.

Y termino ya como empecé. No han dado ninguna argumentación, no han dado ninguna argumentación. Se han dedicado ustedes a evadirse, a decir, a hablar de otras cosas, de la memoria, etcétera, de miles de historias, pero no han dado ninguna argumentación ni ninguna justificación a esta mentira, a esta falacia, a este juego de trileros y a esta estafa, que es que le llamemos a esto condonación de una deuda.

Muchísimas gracias por su atención de nuevo.

Sr. Presidente

Un minuto.

Sr. Fernández Piñeiro

Di vostede que o Partido Socialista pacta cun delincuente, cun prófugo. Vostedes pactaban co señor Pujol, é verdade, un señor que facía caixa naquela época ata ter un patrimonio oculto duns 300 millóns de euros. Pero xa non é só iso, é que, á parte, aquel Goberno que pactaba ou aquel Goberno que saíu do pacto con Pujol casualmente é verdade, pactaban cun suposto delincuente, un Goberno que estaba cheo de delincuentes, porque a maioría dos ministros daquela época acabaron todos condenados por corrupción. Case todos os ministros daquel primeiro Goberno do señor Aznar, condenados por corrupción. Por tanto, xa non é que pactaran vostedes con delincuentes, os delincuentes estaban dentro do propio Goberno. Dito o cal, fala vostede de o malo que é este Goberno e a transferencia 10.262 millóns de euros a Galicia no ano 2025, a máis grande da historia. Se tan mala é, non sei cando gobernaba o señor Rajoy que dicían vostedes, que nos daban menos. Gobernaba alí o señor Rajoy e o señor Feijóo aquí en Galicia, e recibía menos cartos do Estado. Naquel momento non lle escoitei dicir absolutamente nada. Supostamente era o mellor Goberno da historia para vostedes. Bueno, pois, se aquel era tan bo, este será moitísimo mellor, porque transfere máis recursos a Galicia, ademais de facer moitísimos investimentos.

Despois o do pacto de Bildu, mire os socios do Goberno chámase Sumar, non hai máis socios, os demais son partidos que aportan e que apoian determinadas medidas. A



min paréceme ben que Bildu apoie a revalorización das pensións en base ao IPC?, a min si; a min paréceme ben que Bildu apoie a reforma laboral que xera emprego, pois paréceme ben que si, ou, que pasa?, que porque o vote Bildu xa non vale? Pero é que cando Bildu ou Convergència na súa época, ou agora Junts, vota co PP en contra de propostas do Goberno, que pasa?, aí non son socios do Goberno? Só son bos os de Junts cando votan con vostedes, cando votan cos demais somos todos uña e carne. Home, por favor, iso é unha tomadura de pelo total e absoluta que non llo cre absolutamente ninguén. E non damos moitos máis argumentos porque non hai máis argumentos que dar. Aquí hai alcaldes e alcaldesas que teñen un PAI pedido. Se mañá a Deputación di que llo condona, van renunciar?, con ese mesmo argumento de que non, a mi non mo condone porque o vai seguir pagando a Deputación; polo tanto, os meus veciños van seguir soportando sobre os ombros a súa débeda, que é o que acaba de dicir vostede agora. Iso non llo cre ninguén, ninguén; non o cre nin vostede mesmo, por moi grosas que sexan as palabras que utilice e moi rimbombantes e teatrais. Pero sabemos todos que iso non llo cre ninguén, nin sequera vostede nin os que están aí sentados. Outra cousa é que obedeza á estratexia do Partido Popular de que todo o que se pacta por este Goberno é malísimo. Afortunadamente, non é así. Esta sociedade e este país avanza, avanza en positivo e, xa digo, en todos os eidos económicos que poidamos comparar estamos mellor que con vostedes. Imaxínese, iso en minoría, se chegamos a ter maioría absoluta como o señor Rajoy, como iría este país.

Sr. Presidente

Eu creo que está debatido. O grupo propoñente ten a oportunidade de pechar o debate. O que non é normal é que esteamos debatendo nos últimos 10 minutos sobre cuestións que non teñen que ver nada máis que superficialmente coa moción. Entón, se queren facer un debate de política xeral, que o propoñan os grupos e procederemos a facelo, encantado da vida de participar, pero aquí estamos falando dunha moción en concreto. Hai multitude de réplicas que a min tamén me gustaría facer a todas as intervencións, incluso do meu grupo. Pero eu creo que tampouco ten sentido. Imos votar.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados/as (9 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP).

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

“Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE relativa á condonación da débeda das comunidades autónomas co Goberno do Estado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sobreendebedamento que viven hoxe as comunidades autónomas ten a súa orixe na política irresponsable de financiamento e recortes dos gobernos do Partido Popular durante as anteriores lexislaturas. Durante eses anos, o PP implementou unha política de austeridade, que lonxe de garantir a estabilidade económica das comunidades autónomas, provocou un endebedamento e un colapso financeiro. A falta de planificación e a incapacidade de ofrecer un novo modelo de financiamento derivou nunha situación de vulnerabilidade fiscal, obrigando ás comunidades autónomas a endebedarse de forma



desmedida para poder manter os servizos públicos de saúde, educación e servizos sociais.

Esta situación complicouse polo incumprimento da reforma do sistema de financiamento autonómico que prometeu o Partido Popular. En lugar de expor unha solución razoable e que se achegase á realidade económica de cada comunidade autónoma, o PP optou pola paralización dos mecanismos de financiamento. Isto xerou graves desigualdades territoriais e deixou a gobernos autonómicos sen opcións para xestionar os seus recursos de maneira eficiente. Como resultado, as comunidades autónomas con menor capacidade económica víronse obrigadas a recorrer a un sobreendebedamento que supón unha carga desproporcionada sobre as súas arcas públicas.

Desde o goberno do Estado tomouse a iniciativa de corrixir este desequilibrio mediante a condonación parcial da débeda naquelas comunidades autónomas en réxime común a través do Consello de Política Fiscal e Financeira. A necesidade de aliviar a carga financeira das comunidades autónomas e garantir á súa vez que os recursos públicos sexan destinados a reforzar a sanidade pública, a educación pública e os servizos sociais, en lugar de quedar condenados no pago de intereses e a amortización dunha débeda que foi xerada pola xestión deficiente do Partido Popular.

A condonación da débeda que se presentou é un acto de xustiza fiscal coa cohesión territorial e a autonomía económica das comunidades autónomas. Esta medida forma parte dunha estratexia para mellorar o financiamento das comunidades autónomas e os servizos públicos, do mesmo xeito que os 300.000 millóns máis que recibiron as comunidades autónomas nos últimos sete anos.

Estas medidas achegan aos gobernos autonómicos a recuperar a súa capacidade de investimento, facilitando así o desenvolvemento de infraestruturas, modernizando os sistemas públicos de sanidade e a mellora e a calidade da educación pública. Ademais, esta iniciativa enmárcase nunha reforma máis ampla que busca consolidar un modelo de financiamento que potencie e mellore a xustiza social.

Con todo, a pesar da transcendencia desta medida, o Partido Popular volveu a mostrar a súa falta de compromiso. A decisión de abandonar a mesa do Consello de Política Fiscal e Financeira no momento da aprobación da condonación da débeda demostra a súa irresponsabilidade sistemática a participar en solucións que benefician ás cidadás e cidadáns dos nosos municipios. Con este xesto, o PP non só rexeitou unha política de Estado baseada no principio de solidariedade e a cohesión territorial, senón que demostrou de novo, que prioriza os seus intereses partidistas por encima dos veciños e veciñas dos nosos municipios.

En conclusión, a condonación da débeda das comunidades autónomas é unha medida imprescindible para garantir o fortalecemento do noso Estado de benestar e axudar desta forma a reducir as desigualdades entre as comunidades autónomas. Os servizos públicos deben ser o obxecto directo desta condonación parcial da débeda autonómica e debe facerse mediante a reparación, investimento e modernización dos servizos sociais, a educación e a sanidade pública.

Por todo o exposto preséntase, para a súa aprobación, os seguintes

ACORDOS:

1. O Pleno da Deputación Provincial da Coruña insta á Xunta de Galicia a aceptar a condonación da débeda proposta polo Goberno de España o pasado día 26 de febreiro



de 2025 no Consello de Política Fiscal e Financeira, garantindo que a débeda se destinará á mellora dos servizos públicos de sanidade, educación e servizos sociais.

2. O Pleno da Deputación Provincial da Coruña insta á Xunta de Galicia a que estableza un mecanismo de seguimento e transparencia ad hoc para asegurar que os recursos derivados desta condonación parcial da débeda teñan un impacto directo e positivo no financiamento local, os servizos públicos e no investimento nos municipios.

3. Dar traslado deste acordo á Presidencia da Xunta de Galicia, á Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia, á Federación de Municipios e Provincias e ao Goberno de España.”

ROGOS E PREGUNTAS

Sra. García Gorostizu

Hace más de un año trajimos a esta Diputación la necesidad de mejorar la seguridad vial en la carretera provincial DP-1705, el paso entre después del Colegio de Tarrío hasta en dirección Sigrás. También trasladamos esta preocupación directamente a la diputada de Obras, que se llegó a reunir con uno de los vecinos afectados. Sin embargo, a día de hoy desconocemos si se ha movido algún papel. Mientras esperamos respuesta, cada día sigue siendo un peligro para los niños que van andando al colegio, para los jóvenes que hacen deporte en el pabellón de Tarrío y después caminan hacia el *outlet* de Culleredo por una vía sin aceras, ni iluminación y para cualquier vecino que necesita desplazarse a pie. Por eso rogamus que se agilicen de inmediato las actuaciones necesarias para garantizar la seguridad de nuestros vecinos, en especial la construcción de las aceras en ese tramo de carretera, la instalación de farolas en los tramos sin luz, el desbroce y mantenimiento adecuado de las cunetas y la reducción del límite de velocidad y la instalación de medidas de calmado de tráfico. Gracias.

Sr. Rioboo Castro

Ben, simplemente dicir que, por parte do Concello de Culleredo –non quero traer un debate aquí municipal– xa foi presentado o proxecto na Deputación provincial, e no Departamento de Vías e Obras están pendentes da consignación presupostaria suficiente e recolle, creo, todas as medidas que acaba de contemplar a representante do Grupo Popular na Deputación provincial, pero se nese proxecto se pode facer algunha achega creo que estamos perfectamente a tempo, porque quen pagou o proxecto foi o concello, e quen vai facer a obra cando haxa orzamento será a Deputación provincial, coa celeridade, non só neste concello, senón en todos os concellos da provincia nos que faga falta facer unha actuación deste tipo tan xustificada como vén de relatar a propia voceira.

Sr. Presidente

Algún rogo, algunha pregunta máis?

Sr. Ben Otero

Dos preguntas que ya tenía preparadas y una que me ha sobrevenido a raíz de un comentario del señor Fernández, pero referentes a la Diputación Provincial.

Bueno, las preguntas van referidas más bien al Presidente, no al presidente que hoy está al frente del grupo, sino al que está ausente hoy por motivos justificados. Espero que se le trasladen las preguntas y que nos las pueda responder, o si las puede



responder alguien y, si no, en la mayor brevedad. La primera de las preguntas es la siguiente: en relación al IBI de la AP-9, IBI que afecta a 18 concellos de esta provincia, excluidas las tres ciudades que gestionan por su cuenta el impuesto, queremos formularle algunas preguntas. La primera de ellas es ¿por qué se ha demorado tanto el Gobierno provincial en asistir o acompañar en sus reclamaciones a los ayuntamientos afectados? La segunda es: ¿hay alguna reclamación planeada por los concellos que la Diputación prefiera no asumir como reclamación? La tercera es: ¿qué gestiones concretas ha realizado la Diputación hasta el momento? Y la cuarta es: si se han emitido informes por parte de los servicios técnicos de la casa, que nos gustaría tener acceso a ellos.

La segunda pregunta, en octubre del año 2020, *xa choveu*, el presidente Formoso visitó Aldea Madeira en Camariñas. Para los que no conozcan este sitio, podemos decir que es una inversión en su momento con la presidencia del señor Moreda, con el anterior alcalde del Partido Socialista en Camariñas. Es una intervención interesante, potente, un campamento de bungalós con una apuesta muy importante por parte de la Diputación y del Ayuntamiento, y aquello, a día de hoy, es un sitio completamente desastroso, apocalíptico, por así decirlo. En aquel momento, en el año 2020, Formoso visita Aldea Madeira y dice que la Diputación va a ayudar a sacar adelante el proceso de licitación para la rehabilitación de Aldea Madeira. Y la pregunta que hacemos es si se ayudó realmente en algo, en qué consistió esta ayuda y si tiene pensado hacer algo en este sitio que pretendía y lo fue emblemático y que a día de hoy es un ejemplo de lo que no se debe hacer con los recursos públicos. Si bien la idea, repito, es interesante, la situación – invito a todos a visitarlo– es calamitosa.

Y la tercera pregunta nos la ha puesto, como a Fernando VII, el señor Fernández, se nos ocurre ahora. La pregunta es, al hilo del ejemplo que está teniendo el Gobierno de España con las propuestas que hace y la fervorosa defensa por parte del portavoz del Gobierno, si la Diputación Provincial está valorando condonar la deuda del PAI y cómo va a compensar a los ayuntamientos que en su momento no se acogieron al mismo.

Nada más y muchas gracias.

Sr. Presidente

Ben, respostaranse na seguinte sesión.

Non habendo máis asuntos, levantamos a sesión. Moi bo día.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia en funcións dá por rematada a sesión ás 13:19 horas.